

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 80 * DO 2 AO 8 DE NOVEMBRO DE 1979 * 30 PTAS.

A OUTRA CARA DO ESTATUTO



Foto: F. BELLAS

IRMANDADE GALEGA DE CARACAS

**SEIS EXPULSIONS...
OKEY...!**

PAISES CATALANS

**GRAN XOGADA
DO PARLAMENT**

PRESIDENTE DO DEPORTIVO:

**"SEMPRE SE ME DEU POLOS
POSTOS DIRECTIVOS"**

ABRACADABRANTE

Todo aconteceu cando no programa "Galicia de noite" (COPE) da noite do 26, se axuntaron Meilán Gil (UCD), Rodríguez Pardo (PSOE), Carro (CD), Anxel Guerreiro (PCE), e Rivas (PG). En canto á forma, Carro e Meilán disertaron toda a noite en español, Rodríguez Pardo, "galleguista", após un educado "buenas noches" inicial, falou en galego, o Sr. Rivas trocou o idioma tres veces no programa, e Guerreiro foi o único que se mantivo "vernáculo" todo o tempo. O contido,



señores, non paga a pena nen de comentáριο: O Sr. Carro "soy enormemente optimista", o Sr. Meilán, "soy optimista con reservas", e o Sr. Guerreiro "eu non son optimista nen pesimista, estou á expectativa". Doutra banda, o Sr. Meilán "tenemos presente los techos de los Estatutos catalán y vasco" e "la cuestión económica es fundamental", o Sr. Rodríguez Pardo "toda a culpa tena o partido do Goberno", e o Sr. Guerreiro "teño medo que non nos dean

máis que catro horas para decidir si ou non ao Estatuto" e "o rebaixar o número de parlamentarios galegos no Parlamento autonómico (de 60 a 80) quer consagrar o bipartidismo en Galicia". O Sr. Rodríguez Pardo atacou aos partidos que estaban desmovilizando á xente en Galicia na cuestión estatutaria, poisque "cando despois voten o Estatuto (?), vailles ser máis difícil a mobilización". E no medio do maremágnun, o magnífico "solo" que constituiu a interpretación do representante do Partido Galeguista; empezou meténdose cos partidos parlamentarios, chegando a afirmar que sabía "de buena tinta" que, cunha disposición transitória, lle ían quitar a Galicia calisquer capacidade lexislativa. Após a rotunda negativa e as "protestas de galleguismo" de UCD, CD e PSOE, noutra intervención, "a pesares de todo o que dixen, temos total confianza nos parlamentarios do PSOE e en moitos da UCD", adicando profusas e devazaradas louvanzas aos Srs. Quintás e Pardo Montero, e decindo que o Partido Galeguista ía, por suposto votar sí, e apoiar o Estatuto con todas as forzas, que non pensarán.

Pois átame esa mosca polo rabo. Se che isto é cabeza..

SIGUEN A SER TODOS UNS

As "feiras" políticas que certas tendencias están a montar polas diversas institucións do país adiante, chegaron xa ás Diputacións. Seica xa na Diputación da Coruña ten habido enfrontamentos UCD-Bloque doutras veces; desta volta, o ataque UCD-PSOE versus Bloque foi cousa séria. Segundo "El Ideal Gallego" do 28, após



diversas "encaramuzas" previas, nun momento, discutindo o dos salários dos deputados, e despois do deputado do Bloque anunciar que renunciaba ao seu en tanto non se modificara a actual lexislación, "...el diputado socialista Balado acusó a los dirigentes del Bloque de ser dirigentes del paro, y al alcalde de Fene, que es del Bloque, de gastar mucho en taxis".

O Sr. Balado é concellal do PSOE en Fene. Xa lles sonaba a ridículo e así como algo frustrado, ¿non si?.

Mais tarde, o panorama crarexouse. O deputado do Bloque pediu unha moción de censura para o socialista, e "Antonio Concheiro (presidente en funcións, UCD) interrumpio repetidas veces a Pintos, que acusó a su vez al Presidente de que tolerase los insultos personales en el Pleno, cortando la palabra a quien se defendía y no a quien insultaba. Balado insistió en que si Pintos no estaba en el paro, rectificaba, y que, si estaba, se ratificaba. Pintos contestó que estaba en el paro porque había sido despedido de su empresa, y García Seoane

apoyó a Pintos, lamentando la actitud del diputado socialista y sumándose a la petición de un voto de censura para el, sin que Antonio Concheiro les hiciera caso".

E é que, cando o nemigo é grande e real, o sonado "consenso" funciona. ¡Vaia se funciona!.

INXENUIDADES

O amigo Quiroga seica saíu "francamente satisfeito" da entrevista que mantivo na tarde do día 30 con Suárez, segundo se deduce de declaracións recollidas pola Axencia EFE e publicadas en "El Correo Gallego" do 31. Aparte diso, Quiroga declara que a primavera seguramente sería boa época para o referéndum autonómico, e que un 60 por cen, por estaren os censos moi inflados, sería unha boa participación. E acaba manifestando que para reducir a abstención en Galicia había que "hacer un esfuerzo extraordinario de concienciación", e esto "para que los campesinos sobre todo conocieran lo que significa el Estatuto, extremo éste bastante desconocido todavía".



Ilustracións: FIZ VALCARCEL



Ben fará Quiroga en que labregos e demais non se enteren de vez do que o Estatuto significa. Podía que daquela choraran pola abstención...

NOS TAMEN QUEREMOS XOGAR

O Sr. alcalde da Póboa do Caramiñal colleu a cousa en sério, e, con outros seis concellais que lle abondaron para se constituir en maioría "acordou" iniciar proceso criminal "contra todo aquel que deforme el nombre de nuestra villa", ou sexa contra todo o que á Póboa do Caramiñal non lle chame "La Puebla del Caramiñal".

Ben, temos que felicitar ao Sr. Durán Casais por ter sinceridade dabondo como para non agachar o seu furibundo españoieirismo. E aparte diso, comunicámoslle que vimos de transgredir o seu acordo municipal. A ver se nos denuncia e o pasamos ben un ato.

SUBSCREBASE

PODE FACELO DIRIXINDOSE A ANOSA TERRA

RUA DA TROIA, 10-1º

APARTADO 1031 - SANTIAGO

OU CHAMANDO AO TFO. 981-58 26 13

Estado: Suscripción semestral, 800 Ptas. Suscripción anual, 1.500 Ptas.— EUROPA: Anual, 1.900 Ptas. Semestral, 1.000 Ptas.— AMERICA: Arxentina, Uruguay, México, etc. Anual, 2.600 Ptas. Semestral, 1.325 Ptas.— U.S.A., Puerto Rico: Anual, 2.350 Ptas. Semestral, 1.200 Ptas.

Novo nº. da conta no Banco Pastor de Santiago: 106.735

Por XOSE LOIS G.



SEIS EXPULSADOS...OKEY...! NA IRMANDADE GALEGA DE CARACAS

POLITICA "DEMOCRATICA DE IZQUIERDAS" FRENTE O NACENTE NACIONALISMO GALEGO QUE AGROMA NA MOCEDADE

A "PLANCHA 2" QUE REUNE A VELLOSA SAUDOSOS DO FRANQUISMO AINDA TENTA FACERSE COA DIRECCION DESTE IMPORTANTE CENTRO DA EMIGRACION GALEGA NAS VINDEIRAS ELECCIONS.

A liorta está vertida entre a "Agrupación Galaica-Plancha I", que vincula a diferentes grupos próximos ao PCE, PSOE, e a "Plancha 2", grupello trasnoitado con resábios franquistas e cunha práctica e unha idea de cultura galega asociada coa saudade, coa morriña, coa lación con grelos, con homenaxes, reinas e misses "a la Americana". Por outra banda e dentro deste proceso histórico que está a acontecer en todas as ansias galegas, nace tamén na mesma Irmandade Galega o grupo "NOVA GALIZA" (NOGA). Emigrantes e fillos de emigrantes mozos nos que ferve un nacionalismo e que lle esta creando problemas á mesma Plancha I.

Mais de 100.000 galegos emigrados na Venezuela xiran no 60 por cento na vida da Irmandade, ali buscan quizais inconscientemente a sua Pátria, mais a realidade é ben distinta nun país no que somente hai "democracia" para asoballar e explotar, democracia para servir aos intereses dos gringos.

Emigrados galegos que ali son de nengures; estraños á realidade Venezolana na que son "mussus" (explotadores extranxeiros, colonizadores) e o pior cegos ao que está a acontecer na sua Nación, Galicia... Mais viamos aos feitos.

CADRO BRANCO

O Concello de Soutomaior (Pontevedra) que se negou a pagar a cuota empresarial, e non só, negouse tamén a que o recaudador usase das dependencias municipais para recaudar...

Democracia a la americana: mises, bingo, wiski...

A directiva da Irmandade Galega de Caracas que saliu da plancha 1, democrática... non cumple cos patriotas galegos.



GALAICA, a xente que cumple.

1978: Compra de Valle Fresco.

UN "MES DE GALICIA" CON VENTOS NACIONALISTAS

Na Irmandade Galega sempre se celebra o "Mes de Galicia" no que se fan unha serie de actos do que lle cadra: culturais, deportivos, ceas... O grupo NOGA que viña actuando eficazmente como colaboración ca Secretaria de Cultura xa no 15 de Xuño tiña estruturados os actos para o mes de Xullo, entre os que se

atopaba un forum para participar cinco políticos. Tamén estribillaron unha fogueira na cite do San Xoán, era subvencionada pola Irmandade. Así, convidouse a todos os galegos. Queimada, sardiñada, viño que engaiolou a moitos... os méritos organizativos eran para NOGA o que non lle agradou aos "líderes" da Plancha I, que como pasa sempre teimaron todo até trocalle o nome: "A Queimada" e darlle aires de que foran eles os organizadores.

A Secretaria de Cultura dirixida por Victor García, inxustamente, quere facer cos méritos de NOGA... as ameazas de expulsión, o senso dictatorial comeza a se ver nalguns membros directivos que adoecidos pola sua falta organizativa non consintan que outros, con mellor sentido e siso lle arramplen as simpatías da colectividade... As eleccións estan á porta.

POLICIAS, FOTOS, EXPULSIONS, AMEAZAS... AMERICA!

Dous policias levan a Ramón Maceiras cando poñia carteis que anunciaban a fogueira (?). Levárono Secretaria de Disciplina da Irmandade como se fose un asesino, ao menos así enténdese dentro do contexto

(PASA A PAX 4)

CADRO NEGRO

O Concello de Vigo que decídese disposto a "ignorar o que fixera a Corporación anterior", esqueceuno para dar unha orde de embargo contra o señor Abelardo Alonso por utilización de megafonia nas campañas do BNPG ¿a que ven isto de buscar un chivo espiatório, Sr. Soto?

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.

Comisión de Fundadores:

Acosta Bêiras, Xoaquín.
Fontenla Rodríguez, Xosé Luis.
López Gómez, Felipe Senén.
Morales Quintana, Xosé Enrique.
Varela García, César.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores

e Colaboradores: Xosé Ramón Pousa,
Antón L. Galocha, Lois Celeiro,
Pablo Viz, Paco Arrizado,
Fernando Franco, Ignacio Briset,
Suso Piñeiro, Guillermo Pérez,
F. Cusí, Xosefina L. Corral,
Emilio Veiga (Países Catalans),

P. Iparraguirre, Maialde (Euskadi),
María Alonso (España),
Carlos Durán (Londres),
A. P. Dasilva (Porto),
Juanjo Navarro, Llatzer Moix,
Patiño, Vázquez Pintor.

Diseño e Confección:
"Galicia, Estudo e Formas".

Fotografía: Brais,
Xurxo Fernández, Fernando Bellas,
Abel de Louxas.

Dibuxos: Xaquín Marín,
Xulio Maside, Alfonso Sucasas,
Xurxo Fernández, P. A. Estevez,
Fiz Valcárcel, Pepe Barro.

Redacción e Administración:
Troia 10-primeiro Santiago
Redacción: 582681
Administración (de 10 a 14):
582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset
C. Quiroga, 11-15. Ourense
Dep. Legal: C-963-1977

Distribución: A Coruña, Librería CO-
LON. Real 24, telf. 222206. Santiago
e Lugo, PRENSA NACIONAL, Telf.
583456. Pontevedra, Librería CAO,
Telf. 855374. Vigo, Distribuidora VI-
GUESA, Telf. 414570. Ferrol, Distri-
buidora VELO, Telf. 357707. Ourense,
Vda. de Lisardo, Telf. 230218.
Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf.
4231933. Barcelona, F. Rafales Ar-
tal, Telf. 2433658.

desta agrupación da emigración galega.

NOGA comeza pois a súa actividade de repulsa contra os feitos dignos dunha liña autenticamente fascista da plancha "democrática". A loita retira a careta, NOGA comeza a sacar pegatinas que aluden aos feitos. "XERME", voceiro de NOGA dá as noticias e velaí como a Toni, o neto de Vilar Ponte lévano á forza dous guardas por orde do Secretario de Mantenimento. Non obstante "XERME" repárese clandestinamente nesta Irmandade na que, a pesar de todo, os mesmos directivos dan chaveiros, libros, rebistas do P.C.E. Iso está permitido.

O DIA DA PATRIA GALEGA achégase e na Irmandade non se consegue organizar un acto simbólico tan siquer. Novamente NOGA contacta con Manuel DAPENA, nacionalista profesor na Universidade "Andrés Bello" de Caracas. A conferencia, aínda que sen afondar dabondo, foi amena. Falou dos partidos galeguistas e da súa formación, así desembo-

cou no B.N.P.G. Ao falar de colonización algúns directivos retorcián o bico... costalle ao emigrado colonizado verse no espello.

A Secretaria de Cultura quixo facerse organizadora tamén deste acto que con sentido patriótico querían facer os membros de NOGA, por iso mesmo a devandita Secretaria engadiulle ao acto o "GRUPO SEMENTE NOVA" que entonaría algunhas cancións galegas... así o día, o acto de reivindicación nacionalista, quedaría nun festival folclórico máis. As mesmas teimas que se facían en Galicia hai uns anos. NOGA, non consentiu tal e no acto do DIA DA PATRIA despregáronse nos ares da emigración cinco bandeiras nacionalistas e una pancarta: "CONTRA DA POLITICA COLONIAL BASES CONSTITUCIONAIS"... E así chamouse á policía da D.I.S.I.P., dironse nomes e documentación, sacaronse fotos dos organizadores do acto... Todos se alporizan, entanto Víctor García, nas taboas do escenario presentaba para ler un comunicado en castelán... Un

rapaz berra ¡En Galego!, a rapaza que o le córtase e di que non sabe galego... ¡Pois que o lea outro!, unha exmilitante do "Frap" que estaba no escenario cos cantantes de "Semente Nova" dixo "Que prefería hablar en Castellano antes que hablar mal el gallego". Os do patio alporizáanse... ¡Iso non se fai no noso día! escoitábase dicir.

Ao final cántase o Hino galego, érguense puños e volta a policía a tirar fotos aos que os tiñan así... Víctor García apaga a amplificación e non deixa rematar a un; apaz que tentaba dicir que nun Día así os galegos deberamos estar xunguidos pola Pátria. A xente do patio séguelle a asubiar ao Secretario de Cultura da Irmandade.

SEIS EXPULSADOS... OKEY...!

O día 6 de agosto chégalle un

comunicado a seis rapaces dicendolle que eran expulsados da Irmandade Galega. Isto ten fondas consecuencias sociais e psíquicas na colectividade galega de Venezuela. Así os sancionados perden todos os dereitos.

Felipe Somoza antes de irse de vacacións para Boiro deixou firmadas estas condenas, certamente un chisco doído tamén porque se aprobaron uns estatutos que cuartan a sucesión a directiva da Irmandade que manexa anualmente máis de dez millóns de bolívares.

Todo isto ven a demostrar que a Directiva pretende impoñer o seu criterio e castración a todos os sócios, máis ou menos antigos, mesmo fundadores da irmandade, xentes que tiveron que responder ca súa firma

incluso hipotecando o seu capital, posto nó brete varias veces, sen importarlles a emigración, nen a irmandade galega, nen tan siquer os problemas de Venezuela. Iso si o que interesaba era facer da Irmandade un Centro Comercial no que cada secretaria sexa unha tenda subvencionada, na que o secretario é o dono e señor feudal.

O atopar unha irmandade española, ensaña do seu desterro, sen aliciente nengun máis que o bingo, a droga, unha comida enxebre ou o Wiski, causa a dor de moitos que aínda pagando a súa cuota non se achegan por alí, ou os que van doidos, ou os que deixaron de voltar. De seguir así a embaixada de Galicia en Caracas non é nen o menor reflexo do acontecer que se esta a vivir desde hai xa anos en Galicia.

VIGO

ESTRAVIO OU CHANCHULLO?

A espera de que o Alcalde se decida a incluír na Orde do día dun futuro Pleno a súa proposta de suba das Tasas Municipais, considerada por amplios sectores como aumento escandaloso e abusivo, os Plenos se suceden abordándose temas pouco polémicos que son aprobados sin maiores complicacións. Así pois, es no derradeiro apartado: Mocións e interpelacións, onde o debate recobra o interese e clarifica quen andan a sestear (que son varios) e quen se preocupan de levar á Corporación os problemas do vecindario. Precisamente o vicindario presente no salón o pasado luns parecía esperar este último punto. Moitos deles viñeran en Manifestación (despois de cortar o tráfico durante unha hora) desde a Rúa Cantábrica para esixir semáforos e medidas de seguridade, outros co mesmo fin, o fixeran desde a Avda. de Castrelos, e todos agardaban unha moción de Concellal do Bloque na que se solicitaban as garantías precisas de seguridade para os peatóns desas dúas rúas.

OUTRO ESCANDALO

Chegado o momento das mocións, ésta non aparece por ningures, afirmando o alcalde descoñecer a súa existencia. Berros de ¡Chanchullo! foron reprimidos polo "compañeiro" Soto ca expulsión dun viciño da sala, que foi inmediatamente seguida polo abandono de todo o vicindario presente.

Posteriormente, xa rematado o Pleno, a AN-PG presentaba a A NOSA TERRA a copia da Moción sellada no rexistro do concello o pasado día 23 e acusaba de manobra antidemocrática e antipopular o seu presunto extravío. "Deste xeito o Alcalde impediu tocar e resolver estes problemas, sendo tamén curioso que o responsable de Tráfico, o Sr. Nuñez do PCE nen siquer aparece no Pleno". Así mesmo afirmou a AN-PG que "ante esta burla ao vicindá-

rio continuarán os cortes de tráfico nas dúas rúas até que sexan resoltos definitivamente os problemas plantexados".

ESTERQUEIRA SI; PARQUE INFANTIL NON

Conocese xa a sentenza condenatoria do Presidente da Asociación de Viciños de Coia pola construción dun Parque Infantil nunha "esterqueira privada". Tres meses de arresto maior 20.000 ptas. de multa e devolución da Parcela "tal como estaba", era o solicitado polo fiscal, e foi, punto por punto, o veredito do Xuez. Sentencia xa recurrida á Audiencia Provincial de Pontevedra, que decidirá neste polémico pleito entablado entre o propietario, ex-alcalde de Vigo e Congresista de CD R.J. Portanet, o Presidente da A. de V.V. e o Delegado do MOPU. Este último, segundo viciños afectados, a pesares da súa responsabilidade no tema e das promesas de resolver o conflito, limitouse a informar en contra das reivindicacións do vicindario, sendo o principal culpabel da situación actual.

Entrase por tanto na segunda etapa xudicial deste conflito que aínda pode dar moitas voltas dada a decisión do vicindario de manter o actual uso da Parcela en litixio.

"O MELLOR PARA..."

Ante unhas 300 persoas, celebrouse o pasado domingo en Vigo, un mitin do PCE, PSOE e PTE "Polo mellor estatuto para Galicia".

Os oradores, entre os que se contaba o deputado por Madrid Simón Sanchez Montero, insistiron en que "non só apoiaban o proceso autonómico senon tamén un estatuto progresista que permita o máximo autogoberno dentro da Constitución".

Acusaron a UCD de realizar un estatuto de Segunda categoría, reiterando a súa negativa a aceptar un estatuto recortado co que non estarían identificados.



REQUIEM

Con menos da metade dos convidados previstos, boa asistencia de público e un programa recortado tivo lugar, o domingo 28 de outubro, o homenaxe a Celso Emilio Ferreiro que organizaron a UGT e as CC.OO. Oradores, poetas —na foto Cuña Novás—, cantores, xuntábanse no Pabellón do Obradoiro para lembrar ao finado vate de Celanova.

Foto: F.BELLAS

O DECRETO AMOSA AS "ENTRETELAS" Os especialistas do idioma, desprazados

Vai para sete anos que se creou na Universidade compostelana a subsección de Filoloxía Galego-portuguesa, dependente da sección de Filoloxía Hispánica. A pesares da súa insuficiencia e doutras consideracións que se afastarían do meramente técnico, é a única posibilidade que hai neste país para que calquier cidadán se especialice dalgun xeito na súa lingua e literatura. Saíron as dúas primeiras andainas, e este ano, dez recén titulados da segunda atópanse, cal calqueira licenciado, no paro. Pero coa peculiar, e peculiarmente aldraxante característica de que 21 licenciados en Filoloxía Hispánica recén recibidos Agregados de Língua e Literatura Españolas veñen de recibir a adxudicación doutras tantas prazas de Língua Galega en senllos Institutos da provincia da Coruña.

IESA LEGALIDADE!

A cuestión xa empezou hai tempo, cando na Universidade Laboral da Coruña, un licenciado en Hispánicas que tiña un expediente académico inferior a outros dous titulados en Galego-portugués, acadou un posto de Língua Galega, todo debido á non existencia dun Baremo Oficial, regulador do acceso aos

postos de traballo do persoal cualificado. Máis tarde, veu este caso. Após outros agregados se ven desprazados fora de Galicia, os vinteun opositores aprobados con máis baixa calificación obtiñan praza de Língua Galega.

Visto isto, titulados das dúas andainas, apoiados polos estudantes dos dous cursos da subsección elevaron unha Carta á Comisión Mixta de concesión de prazas, dependente da Xunta de Galicia, coa que tiveron unha entrevista na tarde do día 31. "Nela" —decrararíannos— "o único que quitamos craro foi que a Comisión Mixta non sabía nen as competencias que tiña, e que, en calqueira caso as habilitacións para que esta xente dea Galego son perfectamente legais, e que, xa que logo, poden facelo". Alunos e licenciados estiveron conformes en apoñerlle a responsabilidade da cousa, primeiro ao Decreto de Bilingüismo, que non contempla unha valoración da asignatura de Língua Galega máis que a un nivel de asignatura "maría" ou folklórica; á política de desprestixio social do ensino estatal, colocando profesionais non preparados ao fronte dos Institutos e centros públicos, e a actuación de toda a Administración en xeral e da Xunta de Galicia en

particular, preocupada especialmente en deixar na rua á xente que, nesta e noutras especialidades, mantefa unha postura coherente verbo do idioma, e de empurrar, como dixo textualmente algun compoñente da Comisión Mixta, aos titulados en galego ao ensino privado.

POSTURA PUBLICA DOS PROFESIONAIS

En carta remesada a todos os medios de comunicación, figura a existencia de varios puntos, entre eles arbitrar as medidas legais de cara á inclusión no ensino oficial dos especialistas en Língua Galega (eliminando Comisións inúteis e habilitacións antipedagógicas), a convocatoria de oposicións a cátedras de Língua e Literatura Galega, e a creación da especialidade completa (cinco anos) de Galego-Portugués. Noutro punto da carta, negase calquier carácter gremialista que se lle puidera ver a esta mobilización, e declaran os firmantes enxertar a súa loita nos respectivos conxuntos: os licenciados na loita xeral por un posto de traballo digno, os estudantes por un ensino nacional, popular e científico, e todos dentro do marco da defensa do ensino estatal e da normalización do galego.

O ESTADO, NEMIGO DO ENSINO ESTATAL

"O que vale chega sempre"

Partindo da premissa de que O ENSINO TEN QUE SER UN, SERVICIO PUBLICO, este debería cumprir dúas condicións fundamentais:

—estar planificado polo Estado de acordo coas necesidades sociais, o que non se contrapón ao pluralismo ideolóxico, como queren facernos crer sectores que se converten agora en abandeirados da "libertad de enseñanza" para mellor defender os seus privilexios.

Precisamente só un ensino laico e no que se garante a liberdade de cátedra pode asegurar o pluralismo na escola.

—Ser financiado, na súa totalidade polo Estado con cargo aos fondos públicos.

Isto significaría, na práctica, un ensino gratuito, igual para todos en condicións infraestruturais, homologado e científico.

¿por que, entón, o interese evidente do Estado Español en desmantelar a escola estatal?

Desde o mesmo comezo de curso veñense sucedendo os conflitos no sector do ensino estatal e a situación do mesmo é pouco menos que caótica. Se esta non se analiza en profundidade corremos o risco de converternos en colaboradores daqueles que intentan levar a Escola Estatal ao desastre, para propiciar un sistema educativo selectivo, privatizado e, no caso de Galicia, tamén colonizador.

A crécia de que "o que vale sempre chega" forma parte da ideoloxía da clase dominante, sabiamente sementada. Pero o que pode ser certo a nivel individual non o é a nivel colectivo e para decatarnos desta falacia non temos máis que examinar, a título de exemplo, algúns datos referidos ao ensino na nosa nación:

En pre-escolar, de total de postos escolares, o 53 por 100 son privados, situados nas cidades e só asequíbeis para os clases dun alto nivel económico. Nesta etapa o ensino non é obrigatorio, pero todos sabemos que é determinante para o desenvolvemento do neno e o retraso conraído pola falta de pre-escolar non é facilmente superado.

Dos alumnos que empezan a súa escolaridade en centros estatais, fundamentalmente fillos das clases populares, samente rematan o 30 por 100 aproximadamente; nos centros privados supera o 95 por 100.

No ensino superior o n. de alumnos que rematan normalmente a carreira é do 42 por 100 e nas universidades privadas do Estado é do 50 por 100, chegando ao 60 no caso de Navarra.

E evidente que estes resultados son o reflexo da desigualdade de medios, de estímulos, de oportunidades reais que hai entre as clases populares e da burguesía e non porque os fillos

dos primeiros sexan infradotados. Trátase, en definitiva, dunha selectividade económica e social.

38 MILLONS PARA O ENSINO PRIVADO

O que está a pasar este ano co ensino estatal ven a demostrar, unha vez máis, non só o abandono en que ten ao mesmo senón tamén cal é a política do Estado Español neste campo.

En pre-escolar as prazas que debían entrar en funcionamento este curso están conxeladas. En EXB houbo unha redución de 102, en Galicia. O n. de alumnos por aula, no Ensino Médio deberá estar por riba dos 40. O profesorado aínda non está nomeado. Os mestres foron desprazados. O transporte a meados de setembro non funcionaba. Os comedores aínda non comezaron en moitos casos. Carécese de material e os edificios tampouco contan con servizos adecuados para un ensino axeitado (non hai laboratorios, nen ximnásios, nen talleres, nen salas de proxección...) O Ministerio non se fai cargo do mantemento dos centros e parte do presuposto de material vai parar a arranxos, cristais, calefacción.

Pero, como contrapartida, o Estado Español asigna 38 millóns de ptas. ao ensino privado. Estas medidas non son

máis que a aplicación práctica do Plan Económico do Goberno: Como hai que reducir o gasto público quítaselle ao Ensino Estatal para seguir mantendo o Privado.

O Sr. Otero Novás di que iste se fai así para que a escola privada sexa gratuita e cada quen poida escoller o centro que vaia mellor cos seus gustos particulares. Pura demagogia:

—A empresa privada instala os seus centros onde lle son máis rentábeis a nivel económico o u a nivel ideolóxico.

—A suposta gratuidade (mesmo nos centros subvencionados ao 100 por 100 hai que pagar "complementos") atinxe só aos niveis obrigatórios. A pre-escolar por tanto queda excluída. Non existen centros privados para "todos os gustos" xa que samente poden erguelos aqueles que estexan de acordo cos principios da Constitución.

LIBERDADE DE CONTROL SOBRE PROFESORADO E ALUNOS

A liberdade de elección é, pois, a liberdade duns poucos, os de sempre, que así terán un ensino de calidade costeado cos cartos dos traballadores. Trátase, xa que logo, de encobrir unha realidade ben distinta: a protección aos monopólios do ensino, representados principalmente pola Igrexa e os sectores máis reaccionarios da sociedade, que se encargarán de facer efectivo o control ideolóxico sobre o profesorado e o alumnado, cousa que resulta moito máis difícil no ensino estatal aínda que tamén estamos asistindo a multitude de manobras encamiñadas a privatizar os centros estatais e a manipular a opinión pública como está a ocorrer co ensino da relixión que segue aparecendo nos horarios oficiais e que por meio de todo tipo de coaccións se intenta manter en todos os centros estatais, entanto que, apoiándose na lexislación ao efecto, (Decreto de incorporación do Galego ao Ensino) se poñen toda clase de trabas para dar unhas horas de galego e xa non falemos de dar as clases no noso idioma, que é o que realmente compre se queremos superar o conflito lingüístico que estamos a padecer e que, xunto con outras causas, supón que o desenvolvemento cultural do noso pobo, a nivel global, sexa inferior ao doutros pobos.

Pero todo isto encaixa perfectamente na filosofía da Constitución Española e no explicitado no artigo sobre o ensino. Por iso non entendemos que agora as forzas políticas que a consensuaron anden a lairse perante a situación de deterioro constante da Escola Estatal e dos privilexios que se lle conceden a Privada.

O problema é sumamente grave e só, na medida en que todo o pobo galego tome conciencia da situación e se opoña a política privatizadora do Estado, poderemos contar cun ensino estatal minimamente digno.

FELISA CASTRO

crónica política

Conforme vai avanzando a discusión do Estatuto por parte da Mesa Constitucional do Congreso, faise máis evidente o fraude que representan as autonomías en xeral, e a galega en particular. Non é que hoxe estexan en Madrid a fundir o que era unha grande aspiración do noso pobo: é só a continuidade dun proceso, encetado coa pre-autonomía e avalado por moitos secuaces que agora, laiándose, din que non era isto, non era isto... *Pero era o que está a ser, e non podía acontecer doutra maneira, porque o significado, a función das autonomías, no novo marco "democrático" español, consiste en confundir ao nacionalismo popular, para combatelo, non representando nengunha cesión real de poder para auto-governarnos. Aos que tanto están a falar de que queren un estatuto deica o teito constitucional temos de decirlles que o teito é baixo, que efectivamente non hai nada máis constitucional que o estatuto que están a aprobar para Galicia. Desde esta óptica, non se poden facer máis que esixencias demagóxicas, para embaucar mellor á opinión pública. O chamado Estatuto dos 16 era un perfecto exemplo desta maneira demagóxica de facer política: falar de todo sen concretar.

Os que se apuran a dicir que o Estatuto galego non chega ás cotas do catalán e vasco e, por iso, hai que refugalo, farián ben en concretar cáles son as diferencias para vermos se con elas chegaríamos a algunha parte no noso país. E ignorar que as cotas do catalán e vasco son tamén perfectamente constitucionais, polo que non poden ser tampouco de botar en falta. A propia prensa "rexional", disposta a crear unha atmosfera de tensión e emoción ante o Estatuto que non consegue lograr, a pesares dos grandes títulos "dramáticos" que lle está adicando, debena informar claramente sobre cáles son os grandes tropezos, cáles son as diferencias entre a proposta e as enmendadas que se lle fan, e o que di ao respecto o texto catalán e vasco. Unica maneira de que o público leitor comprobe, incluso na teoría, cáles son os límites da autonomía.

O que si resulta máis ridículo que o vasco e catalán aínda é a maneira en que se desenvolveu todo o proceso, así como o comportamento servil e colonial dos seus defensores da esquerda española e do seudonacionalismo. Primeiro, todos a unha, defendendo e apoiando unha manobra antinacional e anti-popular, da man do propio Goberno e da burguesía intermediaria galega, abertamente caciquil e subordinada á española; despois, creando a fantasía dunha oposición autonomista de esquerdas inexistente na práctica; finalmente, ameazando declamatoriamente con non apoiar o texto, claramente constitucional, do Estatuto. Agora, que poden quedar totalmente ao descuberto, porque acabou o seu necesario papel de comparsas, e que o pobo non dá crédito ningún ao botafumeiro autonómico, do que foron cómplices consentes.

As únicas organizacións que se opuxeron, ao seu debido tempo, á alternativa autonómica, denunciando o seu sentido e combaténdoa na práctica, foron as que forman o Bloque Nacional Popular Galego, que naturalmente e consecuentemente anunciaron xa hai moito tempo que votarían non no referendo argallado polo Goberno. Esta actitude é lóxica continuación, ademais, da oposición contundente e sen ambigüedades ao texto da constitución española. Porén resulta que hai forzas políticas que avalaron o proceso "democrático" español, que ameazan con "non apoiar" o Estatuto ou votar non. As que falan de "non apoiálo" están só nunha escea teatral para facer máis verosímil a farsa. Os que din que van votar non están demostrando que efectivamente a única maneira de opoñerse as cousas, electoralmente falando, é votando non, que a abstención, propugnada noutras ocasións non foi máis que unha maneira de mostrar un moralista desacordo teórico e unha total coincidencia no básico. Nultima

instancia, esta vez queren lexitimarse como oposición verdadeira e galega, xa que de autonomismos se trata. Pero o Estatuto galego non é máis que fillo digno da sumisión colaboracionista de todas as siglas de Galicia unidas, agás o nacionalismo popular. Igual que a constitución española foi o produto lexítimo de todas as siglas españolas e seudonacionalistas xuntas. Estamos padecendo as súas secuelas.



**PRA MOBLAXE
CONSULTENOS!**

ALMACENS FERNANDEZ

REZA, 15 - OURENSE

CALIDADE AO MERCAR, COMODIDADE AO PAGAR

resumes

A VOLTAS CO ESTATUTO

Escomezou a votarse o articulado do Estatuto de Galicia, en Madrid, quedaron aparcados diversos temas e o PSOE confesouse pesimista sóbor dos resultados.

D. PIO CABANILLAS "DIXIT"

Preguntado porque do Estatuto de Galicia se fala pouco, tanto en Galicia como en Madrid, o Sr. Cabanillas entre outras cousas interesantes, dixo: "Los gallegos somos gente modesta, por eso no destaca tanto" e tamén: "como somos humildes no hacemos tanto ruido". Sóbor da cuestión idiomática dixo: "Ademais de irrealista es una barbaridad la obligatoriedad de saber el gallego", aínda que engadiu, "pero debemos proteger nuestro idioma (¿) ya que el castellano ha tenido más protección". Ben, modestos e humildes (e calados) lectores, axudemos ao Sr. Cabanillas a "proteger nuestro idioma". Despois entonamos o "Requiem" e adeus.

O POG E O PSG AO MILLOR VOTAN NON AO ESTATUTO

Iso dixeran os seus perseiros en sendas declaracións, si o Estatuto non sale como o Basco ou o catalán votarán que non.

OS QUE MANDAN

Os de sempre, xa se sabe, pero dentro deles, na UCD en Galicia houbo e vai haber eleccións aos Comités provinciais. Xa sabemos os ganadores nalguns sitios: Na Coruña o Sr. Meilán Gil, en Ourense os Sres. Franqueira e Cabanillas e en Pontevedra o Sr. Sancho Rof. Emoción en Lugo onde si faciamos caso do que se falaba as forzas "progresistas" do Sr. Rosón (manda c...!) enfrontábanse ás reaccionarias dos Sres. Otero Novás e Novo Freire, ao mellor ganaba o Sr. Rosón. Como está o patio, para que o Sr. Rosón sexa progresista.

MOITOS PARECEN

Os cen mil afiliados que ten CC.OO. en Galicia, segundo declaracións dos seus dirixentes

HOMENAXE A CELSO EMILIO FERREIRO

Celebrouse a Homenaxe que en honor do poeta Celso Emilio Ferreiro organizaron CC.OO. e UGT no Pabellón do Obradoiro de Santiago. O acto que tivo unha grande concurrencia contou con intervencións de poetas, cantantes, escritores, pintores, etc.

AS OBRAS DO DEPORTIVO

A Permanente Municipal da Coruña acordou por unanimidade, despois dalgúñas reticencias de UCD, e CD, ordenar o derribo dunhas obras propiedade do "Deportivo", por valor de o itenta millóns de pesetas, por manifesta ilegalidade.

O PEDANEO DE FRANCELOS

Parroquia do municipio de Ribadavia, e militante do PCE foi destituído polo alcalde de CD. Como consecuencia houbo unha manifestación dos veciños de Francelos apoiada polo PCE e o PSOE (H), que ademais denunciaron o incumplimento do Pacto que fixeron con CD e polo cal ambos os dous partidos votaron a dita coalición dereitista para a alcaldía.

TALLERES NOS



MECANICA DO AUTOMOVIL
MOLINO, 47 / VERDUN
BARCELONA

ASISTENTES SOCIAIS

Do servicio do franquismo ao servicio do país

De cara á preparación de profesionais adicados ao traballo de Acción Social nos axuntamentos, a Asociación Galega de Asistentes Sociais, a través da súa Vocalía de Formación Permanente, organizou en Santiago os pasados días 27 e 28 o I Seminario sobre "Traballo Social e Administración Local". O acontecemento, aparte do traballo específico que alí se desenvolveu estaba concebido como un fito máis, case o primeiro no noso país, de cara a superar a función "benéfica" que unha visión errada, e agravada nos pasados 40 anos, lle conferira á Asistencia Social e aos seus profesionais.

Patrocínio Lasheras e Elvira Cortajarena, presidenta e vicepresidenta da Federación Estatal de Asistentes Sociais, levaron adiante a dirección técnica, e os actos desenroláronse, segundo declararian membros da Directiva, en base maiormente a "conxugación da práctica real cos aspectos teóricos", e así, aparte da discusión de varias comunicacións sobre problemática social e traballo institucional, de aportacións de experiencias de varias profesionais sobre o seu traballo en institucións administrativas locais, grupos de traballo configuraron Plenas de Acción que un Departamento dedicado ao Traballo Social debería levar adiante a corto, medio e longo prazo. E isto referido a catro ámbitos representativos doutros tantos "mundos" sociais presentes no noso país: representando ao mundo rural, escolleuse a comarca do Deza, a cidade de Ourense representando ao urbano, o concello de Oleiros como característico dun mundo de transición entre os dous anteriores, e o Barrio compostelano do Castiñeiríño, plantexando un traballo social nunha comunidade de base.

AS PONTES:

GOZAR UN O TRABALLO DOUTROS

O xoves día 25 deste mes aparecían dúas informacións, unha en "La Voz" e outra en "El Ideal", sóbor da devolución de 1.205 hectáreas de monte aos veciños de San Mamed, Freixo e Deveso (As Pontes).

Explicitábase que a rescisión do consorcio fora levado adiante pola Cámara Agraria Local a través do seu presidente, Clemente Boo Mosquera. Polo contrario, o Axuntamento que fora o auténtico promotor da devolta dos montes, xunto cos dous sindicatos labregos actuantes na zona Comisións Labregas e USAC, os que realmente fixeran as xestións para a rescisión do consorcio, non receberan notificación algunha sóbor da resolución final do problema.

Ao día seguinte o presidente da comisión informativa municipal de Acción do Meio Rural, Victor Guerreiro, primer tenente de alcalde do concello e concellal do Bloque enviaba unha nota nos meios de información onde aclaraba todo o proceso que se seguiu para conseguir a devolta dos montes.

A historia do Consorcio remontase aos anos 56. Por entón había nos montes do Caxado, Penas da Noite e Tras da Serra unhas quince mil cabezas de gado lanar e 5.000 vacas. O oitavo de outubro dese mesmo ano o Axuntamento e o Patrimonio Forestal forman o Consorcio. Dous anos máis tarde comézase a repoboación forestal coa conseguinte retirada do gado dos veciños.

Por fin, a principios deste ano, 1979, os veciños elixen unha comisión de seis persoas

avalada hoxe en día por 176 firmas. Dita comisión reúne o 25 de xaneiro co "xefe rexional" de Icona, Sr. Escola, quen lles comunicou que tiña plenos poderes de Madrid, para negociar a devolución dos montes aos veciños e que tamén a tiña o

funcionario do IRA (Instituto de Reforma Agraria) e o secretario da Cámara Agraria de As Pontes. Pouco despois levouse a cabo a negociación en base as contas que presentara Icona e posibles descontos, que viñan a supoñer a cifra de vintecinco millóns de pesetas, feitas deducindo os gastos aplicados en cada hectárea de repoboación para cada un dos consorcios. Estiveron presentes un membro da Comisión de afectados, o abogado de Icona, un abogado do Estado, o delegado provincial de agricultura e o sr. Escola. A petición de representantes do SLG (CC.LL.) e por meio da comisión de Acción no Meio Rural, o axuntamento solicita ante Icona a rescisión do Consorcio. Nun pleno celebrado nas Pontes fíxose a indemnización a Icona nunha cantidade non superior a catro millóns de pesetas. A Corporación enviou unha carta a Icona solicitando a rescisión do Consorcio.

FOGUETES PARA CELEBRAR UN MIRADOR?

Non obstante é a Cámara Agraria Local de As Pontes, a través do seu presidente, Clemente Boo Mosquera, tenente de alcalde de UCD e o grupo de colonización "Monte Caxado" os que pretenden protagonizar as xestións de devolución do Consorcio. Polo contrario, o día en que o sr. Clemente se foi botar foguetes para celebrar a rescisión, a Corporación non tiña coñecemento da resolución final adoptada por Icona. Isto fai supoñer unha chea de cousas, a do que todos falan unha vez máis, é do afán de personalismo e protagonismo por parte de entidaades ou institucións manexadas por UCD. Por outra banda, outro concellal de UCD, o sr. Formoso pediu á Corporación unha subvención para a construción dun curro e un mirador turístico no Caxado, nun lugar comunal. Respostando a esta petición, o concellal do Bloque, Victor Guerreiro, alegou, para non conceder a subvención, que tiña que darse prioridade a outras cuestións máis importantes de cara ao propio concello como o comezo das obras para un Polideportivo e que ademais habería que mirar o censo de gado e as parroquias afectadas pola construción de mirador. A isto respostoulle o sr. Formoso que "tamén no curro se podería montar unha especie de hipódromo e ir aló a montar a cabalo".

Como a Corporación non deu a subvención, a UCD, por meio do grupo de colonización "Monte Caxado" sacou unha lotería para recaudar fondos para a construción do mirador e máis do curro. O de menos é o de "ir montar a cabalo". O outro xa se ve moi claro e sen que sexa preciso nengun mirador.

DARIO XOHAN CABANA

carta entreaberta
O que sospeitabamos, pasou

Querida Directora:

De casualidade lin na prensa unha noticia que me deixou abraiado, aterrorizado, apampanado, pois é a demostración do que eu sospeitaba que podía ser o chamado "decreto de bilingüismo".

Penso que lembrarás cando o Sr. Otero Nomás, ministro deso que lle chaman Educación, lle fixo cerimoniosa entrega da plancha do decreto que serviu pra imprimilo no BOE, á Casa Museo de Rosalía. Foi un bon pretexto daquela pra que ilustres perseiros coma o señor ministro e outros se luciran botando bilingües discursos e flores académicas uns ós outros polo televevo rexional. Eu viño, e estaba mesmo o hoxe alcalde de Lugo, anque non dicía nada, ao carón do seu patrón. O representante local falou en galego, e o ministro en español, e precisamente desfaciábase a loubanzas dese feito, que ao parcer deles era moi positivo e democrático, e que porén a min semellouse unha antroidada.

Mais ao gran: a noticia é que, nalgún lugar da provincia de Pontevedra, e a iniciativa da UCD como non podía ser menos, vanlle meter cana a uns cantos profesores que cometeron o inculicible



crime, o desmesurado delito, o tremendo pecado de ensinaren matemáticas en galego sen contaren coa aprobación daqueles que están pra eso. Seica estes pecadentos profesores non tiñan en conta o "decreto" e estaban actuando contra el, cometendo algunha terrible violación da constitución, da legalidade vixente e todas esas historias.

Ou seña, querida Directora, que pra exercer un dereito coma o de empregar o propio idioma no ensino, hai que se axustar ó que diga o señor Otero Nomás, e onde non, os seus acólitos provinciais toman cartas no asunto pra salvagardaren o dereito —máis inalienable seica— dos alumnos a seren debidamente colonizados.

Eu xa pensaba que todo esto do decreto de bilingüismo era unha coña filipina, como din agora, que en realidade ia servir pra todo o contrario do que dician algúns. Agora a práctica xa o demostrou, e sábeno ben os profesores demócratas e galegos que nalgún sitio de Pontevedra están ensinando matemáticas no noso idioma nacional.

A todo isto, sería conveniente que a UCD explicara publicamente —se pode— o que entende por democracia. Pois ademais desto, os sucesos da elección do comité provincial de Lugo —con lipotimias incluídas— dan a entender que, deixando aparte a unión que poidan ter ou non, que no "fundamental" si a teñen, cada vez están máis descentrados e día a día con menos democracia.

Tamén, a poder ser, conviña que quitaran un manual dicindo cantas instancias tén que encher un profesor galego, e onde tén que presentalas, pra poder dar clases en galego. Xa sabes que aquí o natural é dalas en español, e facelo no noso idioma representa unha aberración tan grande que polo menos hai que pedir permiso a Madrid.

Estes días é noticia D. Antonio Alvarez Rodríguez, construtor, gadeiro e presidente do Real Club Deportivo de La Coruña. Case todos os meios de comunicación lle votan a culpa da má situación económica do club e da rifa que está a levar co concello da pola Cidade Deportiva da Torre.

Dende o setenta e tres que colleu e destiño do club o endeudamento foi progresivo, como tamén o foi, certamente, o medre do patrimonio.

António Alvarez ten as ideas, as suas, claras, sabe o que quere, aínda que moitas veces non queira descubrir algunha carta. A nosa conversa con el foi ésta.

ANTONIO ALVAREZ RODRIGUEZ

"Sempre se me deu por estar nos postos directivos"

Para començar ¿poderíamos relatar a súa biografía deportiva?

O curioso é que desde neno xa me gostou o deporte, pero para practicalo, aínda que no colexio xogaba a case todas as modalidades. Pero desde un principio, ao que me adiquei foi á dirección. Tanto nos Salesianos como na Academia Galicia, máis tarde, cheguei a ser delegado de deportes. Aos catorce anos xa era o encargado de deportes. Sempre se me deu por estar nos postos directivos, pero no baloncesto foi onde comecei dunha maneira directa nos cargos de dirección, logrando que o Bosco fose o primeiro equipo de Baloncesto galego que estivo na primeira división. Logo na directiva do Deportivo, e cando menos o pensaba escolléronme presidente.

¿Que condicións fan falta para ser presidente dun equipo de fútbol? Cartos, dedicación, coñecimentos...

Hai que ter dedicación, moita forza de vontade e eu creo que tamén hai que ter unha solvencia económica.

Vostede ¿por que quixo ser presidente?

Sinceramente eu non quixen ser presidente, nunca pensei en ser presidente. Como a situación do Deportivo era moi máis elixíronme nunha xunta onde precisamente faltei por ter que facer uns traballos particulares. Eu nunca o pensara.

¿En que compensa o ser directivos ou presidentes, xa que din que perden cartos e de atender aos seus negocios?

Non compensa en nada (un momento grande de silencio) unicamente en saber que estás traballando nunha faceta da sociedade. Cando veñen os triunfos do equipo tes unhas alegrías grandes, pero en realidade as compensacións son mínimas.

¿Cal é a situación económica real do Deportivo hoxe? Xa sabe que se fala moito da súa situación ruínosa.

A situación do Deportivo é un fidel reflexo da dos demais equipos españois. Os equipos de Primeira división notan menos a crise xa que teñen unhas grandes taquillas durante a temporada, pero os de segunda e terceira estamos nunha situación angustiosa, alcanzando déficits que nunca na vida se soñaron. A federación tomou unha serie de medidas que lle caíron mal aos aficionados, pero que ao longo darán os seus froitos.



Fálase da desaparición dalguns clubs, concretamente do Deportivo, vostede, como presidente ¿cre que isto ten visos de realidade?

Aínda que a situación do deportivo é moi máis e arrastra un considerábel déficit o certo é que tamén ten un patrimonio moi grande que é a Cidade Deportiva, entón pois... Penso que non sómente o Deportivo senon nengun club vai desaparecer, xa que pola actual crise levan pechado moitas empresas e que eu sepa aínda non pechou nengun club, mellor ou peor pero sempre fomos aguantando. O de converter aos clubs en sociedades anónimas foi un tema tratado moitas veces a nivel federativo, pero eu son contrario a esta fórmula por moitas razóns pero a fundamental porque teríamos uns gravámenes de facenda brutais.

A nivel de Galicia tense ao Celta como máis galego que o Deportivo. ¿Cre que e certo isto, a que se pode deber?

Creo que en Galicia o que si está claro é que o que non é do Celta é do Deportivo e o que é dun non pode ser tamén do outro. Non valen terminos médios ou se e dun bando ou se é do outro. De ser uns máis galegos que outros eu non creo que sexa verdade, os dous son dous equipos galegos por excelencia. O que pasa é que os forofos do Celta exteriorizan máis as protestas ou a ledicia que os socios do Deportivo. A verdade é que os seguidores do

Deportivo son moi frios e esta é a principal diferenza que hai entre o celtismo e o deportivismo. O que non creo é que isto sexa debido como afirman a que o Celta é un club máis popular que o Deportivo xa que nos dous clubs hai sócios traballadores e persoas acomodadas.

¿A que cre se debe a actual situación do fútbol galego, xa que se pode dicir que poucas veces estivo tan mal?

Non creo que esto sexa verdade, durante a historia atravesou épocas que eu creño foron piores. Do que si non cabe duda é de que o fútbol galego está nun momento de cambio, estase renovando e isto vai dar froito non cando pasen dous nen tres anos, senon dez ou doce. As directivas estamos voltado todas a canteira.

¿Cre que no fútbol galego hai unha conciencia nacionalista como pasa no fútbol vasco ou catalán?

Os galegos somos os primeiros de España en canto de copiar do fútbol basco a súa organización. O que si é enemigo total en que a política e o fútbol se misturen. Baixo nengun concepto o fútbol ten que misturarse coa política. Non comparto a opinión dos que din que o deporte está politizado. Estao cada vez menos. O deporte ten que servir de lazo de unión entre as nacións.

O presidente o Bilbao, Real Sociedad e Barcelona, por exemplo, están na liña basquista e catalanista. ¿En que liña está vostede?

Eu tamén non cabe nengunha dúbida e que tamén estou na galeguista. Galicia por encima de todo. Non estou alineado a ningún partido político, xa que non entendo de política, nen sinpatizo con nengun. Non creo que case todos os presidentes españois estexan na UCD.

¿Cales foron as relacións do Deportivo cos concellos anteriores? ¿como están coa actual corporación?

Non sei por que pero case todos os concellos teñen unha certa aversión aos equipos representativos da cidade. Hai tamén unha certa desconfianza por isto, dos equipos fronte ao concello. Sempre pensei que coa actual corporación as cousas ían mellorar, con esta esperanza estivemos durante meses, pero as cousas en vez de mellorar empioraron, imos ver desde agora.

¿Cal é a actual situación da Cidade Deportiva?

Venme de chegar hai media hora o comunicado do concello donde me comunica que temos que derribala. Teremos que reunirnos a xunta directiva para ver que decisión tomamos. Véñolle propoñendo ao concello desde hai dous ou tres anos que busquemos unha solución entre ambas partes para que pudesen ser de uso completamente público. Agora son eles os que veñen ofrecendo o mesmo que viña ofrecendo eu. A ver se cando nos sentemos a mesa para discutilo din o mesmo. Sería unha verdadeira barbaridade que nos fixesen tirar as obras que

están feitas para logo construír outras idénticas. Non coido que fagan eso, sería tirar os cartos e os contribuintes protestarian.

O problema da Cidade Deportiva, ¿pensa que pode ser unha campaña política, ou unha campaña contra vostede?

En efecto, anque eu de política non entendo, penso que se antes non aceptaban as nosas proposicións e agora están dispostos polo menos a estudialas, algo debe de haber. Contra miña eso si que, está comprobado; só fai falla ollar a prensa distes días, hai xente á que lle disgosto, nen sei por qué, se cadra porque teño algúns cartos.

¿Pensa que se nos momentos en que lle pediron os cartos para legalizar as obras os puideran facer efectivos o problema quedaria xa resolto daqueles?

Estamos falando de suposicións, pero penso que si, que se os deramos entregado, hoxe estarían completamente legalizadas as obras. O Axuntamento concedíanos a subvención anual para pagar esto, como consta nos papeis. Logo negárianse a estudar o proxecto os arquitectos, anque viñeran comigo ver as obras varias veces e me fixeran rebaixar o campo en dous metros. Din que as obras eran clandestinas cando todo Galicia as coñecía. Puderon paralizalas ao principio, pero todos estabamos dacordo con que as obras eran imprescindibles. Reciben moitas chamadas de xente de aquí e de fora animándome a seguir.

A xente, algunha, di que vostede fixo a cidade deportiva por lucro personal, que todo e un negocio, xa que tamén é o presidente de "Urbascons", empresa construtora. ¿Qué pode contestar?

Eu que quer que lle diga, levo gastado oitenta millóns e recibido vinte catro. Fixen esa sociedade construtora como única forma de seguir as obras, xa que ningunha empresa se quixo facer cargo delas. Quixemos facela por administración, pero non podía ser xa que non nos concedían a subvención. Por eso fixemos "Urbascons". Con quen a iba facer? Coa xente que me rodea, naide se iba embarcar no asunto. Así fexemos a empresa e leva esto por administración, quen o leva é o club realmente. Eu o que perdo son cartos.

Que lle pediría neste momento á afición deportivista?

Nada, que xa abondo están a sufrir.

ALFONSO EYRE

Se nós perdemos, aturamos se os outros perden, solidarizámos

FABRICANTES DE TABOLEIROS AGLOMERADOS: "NON NEGOCIAMOS SEN A PRESENCIA DA ING".

Despois dunha longa e insípida reunión en Madrid nos locais de CCOO, o 24 de Outono, os delegados de Comités e executivas de CCOO e UGT xuntábanse ás 17 horas coa patronal do sector de Aglomerados para tratar, en teoría, sobre a situación deste e as posibles regulacións. Na práctica CCOO e UGT levaban baixo o brazo a proposta dun

Convénio Marco para as Empresas Fabricantes de Taboleiros Aglomerados. Endeben, nen un nen outro tema chegaron a tratarse porque, aínda que pareza mentira, a patronal invalidou a representación social.

A patronal entendía que sen a presenza da ING, con 17, dos un pouco máis de 50 delegados do sector en Galicia, non tiñan validez operativa ningunha aquelas reunións, xa que nada aseguraba que un acordo entre as partes puidese ser cumprido con posterioridade. Pola súa parte UGT contestaba á patronal que non permitiría a presenza da ING.

Así foi como en principio unha reunión de carácter informativo mostrou o trasfondo negociador que levaban a sentarse ás partes, e na cal tanto a presenza da ING (cuestionada polas centrais estatais) como a súa falta, que desacougaba aos empresarios, convertíase na pedra da discordia. A práctica que mantén a ING representaba, para ambos os dous a posición ás regulacións, a buscarlle créditos á patronal, ao convenio marco Estatal, aínda que non coincidían na táctica a empregar.

FAGAMOS UN POUCO DE HISTORIA

A raíz da presentación por parte da patronal do sector, ante a Dirección Xeral, dun expediente de Regulación, que non foi aceptado por esta, por entender que debía facerse empresa por empresa, Taglora fixo unha chamada aos comites do sector para poñerse en contacto coa patronal a fin de recoller información, cal non sería a sorpresa dos delegados por Galicia cando se atopan con que ademais dos representantes de Comites súmanse as executivas de CCOO e UGT á representación social, feito que seña criticado polo delegado de Tafisa (membro de ING). Así chegamos á reunión do 24 de Outono na cal CCOO e UGT levan aos delegados convocados unha proposta de Convénio Marco, creación dunha escola superior de taboleiros aglomerados (?), axuda de control á patronal da produción das factorías, etc. "Propostas diante das cales a ING está en desacordo pero ás que non merecía siquer rebater xa que case todos delegados presentes eran de CCOO ou UGT e por outra parte non estaban presentes na reunión os nosos delegados de Unemsa, Tablicia, Orenber" —Dixonos posteriormente Manuel Vidal, secretario local da ING de Pontevedra, e membro da Comisión Negociadora como delegado de Tafisa, repetíndonos a continuación "é absurdo aquí a elección de delegados representantes de comites xa que calquera central sindical ou a suma de varias que representen máis do 50 por cen poden impoñer unha representación social que non é a que corresponde ao seu peso no sector tal o caso de que nesta comisión haxa 8 delegados por CCOO, 3 por UGT e 1 pola ING, e samente a ING non aparece como central sindical xa que eu

estou como representante dos comites por Galicia".

O TRASFONDO DO PROBLEMA


Galicia con apenas 570.000 hectáreas de monte alto fronte a 5.068.000 h. no resto do Estado ten unhas posibilidades madeirais de 60.500.000 m³ fronte 388.000.000 m³ do conxunto do Estado; ou sexa con un 11,22 por cen do monte alto temos o 15,6 da madeira e o que é máis importante un crecemento do 40 por cen con respecto ao total do Estado, istos datos son os que fan de Galicia un paradiso forestal. A partir da cantidade e calidade da materia prima crearonse unha grande cantidade de industrias relacionadas coa madeira, e entre elas as adicadas á fabricación de taboleiros aglomerados (Finsa, Tanosa, Tafisa, Ekar, Tablicia, Unensa, Orenber, Tagal) que aproveitando o baixo prezo da materia prima, transporte e baixos salários (istos representan o 12 por cen no prezo do taboleiro) puideron colocar a súa produción, o 40 por cen do total estatal, a prezos máis baixos no mercado e creando sérios inconvenientes a empresas radicadas en áreas menos favorecidas e que fundamentalmente naceran ligadas aos fabricantes de móbéis (Albacete, Cuenca, etc.).

O expediente de regulación colectivo presentado no ano 78 ía cara a supresión dalgunhas destas industrias, como o demostrou a presentación posterior a nivel individual dos expedientes e os acordos sobre Pinasa entre os empresarios do sector. Teñamos en conta que a regulación da produción non afecta ás exportacións, e que grupos como Finsa exportaron en solitario durante anos...

Exportacións de Finsa:

En 1975.— 31.708 m³ de madeira aserrada. 8.836 m³ de

Foto: XURXO FERNANDEZ



taboleiro aglomerado. Todo iso por valor de 248.000.000 de pesetas, o 40 por cen a Israel, 31 por cen a Marrocos.

En 1976.— 34.530 m³ de madeira serrada. 24.490 m³ de aglomerados, ano en que foi o primeiro exportador do sector madeireiro, por valor de 332.000.000.

Se consideramos que o valor das vendas supuxo para ese ano en Finsa uns 1.000.000.000 millóns de pesetas resulta que as exportacións representaron o 33 por cen do valor e eran fundamentalmente de taboleiros aglomerados.

Así pois das tres grandes compañías do sector: Finsa, Tafisa e Taglora as residentes en Galicia son as que mellor están a nivel de competitividade (ter en conta que Finsa mercou Orenber e está a punto de facer o propio con Tanosa).

Valor da produción en 1976 das tres grandes: Tafisa, 1.856 millóns; Taglora, 1.072 millóns; Finsa, 1.025 millóns; Orenber, 500 millóns (mercada por Finsa).

CCOO E A SOLIDARIDADE MAL ENTENDIDA

O perigo que significaba primeiro o receso económico español (que fixo que a produción de 2.400.000 m³ de madeira aglomerada só fose absorvida en 1.800.000 m³ e que polo tanto aumentarían os stocks) e que a crise abatírase fundamentalmente sobre as nacións menos ricas en produción madeireira, aínda que non por iso menos protexidas polo Estado, fixo que CCOO se erguese como salvagarda dos postos de traballo en perigo, e así naceu o

programa recollido nos 4 puntos do documento de CCOO:

- Investigación de novos produtos...
- Solicitud razoada de créditos...
- Política solidaria de custos (man de obra e materias primas).
- Control rigoroso da produción...

e que tiñan como fin atenuar o desenrolo da industria madeireira e de aglomerados en Galicia que parecía ía dar por terra coa do resto de Estado beneficiándose da riqueza do país. A demagógica actitude de CCOO que poñéndose de parte dos empresarios do resto do Estado (molligados á produción de móbéis) e dun hipotético melloramento das condicións económicas dos traballadores galegos (cando esta situación non é hexemónica dado que Tafisa ten uns salários moi superiores ao resto) e que pretendían evitar que Galicia (claro está hoxe a través dun rexime capitalista, anti-humano e opresor) se convertise polo seu potencial económico no centro da produción de aglomerados de madeira, dalí o chamado de CCOO e UGT á solidariedade dos traballadores galegos para impedir a perda de medio millar de postos de traballo no resto do Estado, plantexamento este egoísta por canto o mesmo rexime capitalista tiña creado irracionalmente estas empresas, e por outra banda e Galicia lévanse perdido miles e miles de postos de traballo nos últimos anos produto da irracionalidade do colonialismo, e CCOO e UGT non chamaron á solidariedade que tanto lles doe, semella, noutras partes.

CORRESPONSAL

A vivienda é cara en Santiago

Para o pasado día 23, un fado de partidos (PCG, MCG, PSG, POG e outros) un fado de grupos de diversa caste (CAL, GEA, GAC) e mesmo as CC.OO., convocaban unha Asamblea de estudantes en Santiago a nivel de Distrito, arredor dos problemas da vivenda. O plantexamento era de reivindicar o Burgo das Nacións e Comedor Universitario, hai xa tres anos pechado, para uso estudantil, e encetar unha mobilización, mesmo con medidas de forza, de cara a conseguir o abaratamento dos pisos de aluguer que, con vistas a albergar á poboación estudantil, foron inzando desde os anos 60 a parte nova da cidade, constituíndo hoxendia unha das industrias básicas en Compostela.

A asamblea foi tormentosa dende o comezo da discusión. Un membro das CC.OO., chamado á asamblea porque "el problema afecta a los trabajadores", explicou a situación do Burgo por un lado, e as posibilidades legais de forzar aos propietarios de pisos a baixaren os alugueres por outro. Un portavoz de ERGA, logo, denunciou o fondo que para organización nacionalista tiña o problema, en base a que a non estatalización do ensino non permitía prever os problemas de aloxamento dos estudantes; cando decía que "é certo que todo o españolismo e pseudonacionalismo teñen convocada unha manifestación... con berros de "No insultes", "Te as pasao", e outros semellantes, viuse interrompido por cada vez voces máis altas, e aí acabou todo.

Dalí a dous días, os convocantes da asamblea levaron ao cabo unha manifestación que xuntaría máis de 700 estudantes e aos berros de "Non á suba dos pisos", "Menos policía, o Burgo para estudantes", "Inmobiliarias, atracadoras", "Arrendadores, atracadores".

Asemade, ao final leuse un comunicado no que se pedía ao Reitor que tomase cartas no asunto, e se convocaba unha asamblea de distrito para o 31.

ERGA, pola súa banda, manifestounos

"Coidamos que o españolismo desenfocou o problema, centrándoo na carestía dos pisos, sen ter en conta que, pola política do Goberno español, permítese unha especulación que é causa de que un piso coste 4 ou 5 millóns de pesetas. Doutra banda, falouse sempre das inmobiliarias, sen ter en conta que iso é unha cousa que pasa en Madrid ou Barcelona, pero non en Santiago, que os pisos son case todos de emigrantes, algun labrego e sempre das clases populares; xente que ten un pisiño para se axudar, e que ten que amortizar co plantexamento desta xente, promóvese o enfrentamento do estudantado e as clases populares, e isto imolo combater sempre". Doutra banda, isto non é máis que unha crara e demagógica manobra do PCE para se relanzar en Santiago. Dixo ERGA, que ademais, anunciou o recomezo da campaña pola recuperación do Burgo que encabezara outros anos e a súa adhesión á mobilización do día 6 a prol do ensino estatal.

AS CENTRAIS NUCLEARES E A TRAMPA DA PUBLICIDADE

RAMON VARELA DIAZ

A través dos medios de comunicación social, sobretudo do rádio e da prensa, comezou este mes unha nova campaña a favor das centrais nucleares. Aínda que non é a primeira vez que isto acontece de forma planificada e sistemática dado que en anos anteriores como o 1977-78, asistimos a unha publicidade semellante, agora parece arreciar súbita e inesperadamente con maior forza. A razón desta campaña vai destinada a combater a opinión antinuclear que día a día é máis xeneralizada, e que representa un serio perigo para os intentos monopolistas de contruir centrais nucleares no Estado español.

O curioso desta campaña é que oculta a súas intencións baixo un disfraz de divulgación "científica", ou mesmo de divulgación de "Grandes Temas", incluso presentase ás veces como un debate "libre"; desta maneira os medios de comunicación apresuranse a captar para a causa pro-nuclear a miles de receptores desapercibidos e segundo eles mal informados. No fondo a Trampa democrática e "científica" está en marcha, e as empresas de creación de imaxe ou o que é o mesmo manipuladoras da opinión pública están traballando tope para distribuir os seus traballos a periodistas-colaboradores co fin de conseguir publicacións de reportaxes ou artigos na prensa diaria, transmitindo así a mensaxe que ten intención. A publicidade como vemos pode facerse de moitas maneiras.

Como mostra citaríe dous casos:

Na cadena Ser da radio emitiuse fai días un programa a hora de maior audición ((1 da noite) que baixo unhas "neutrais entrevistas ofrecía unclaro contido a favor das centrais nucleares, e tamen podemos dicir o mesmo do xornal "El Ideal Gallego" que insertou dúas páxinas dedicadas a unha entrevista con un premio nobel "neutral" pero favorable totalmente á instalación de centrais nucleares, o obxectivo neste último caso é fácil de localizar: concienciar á poboación galega para que non se opona á Central nuclear de Xove.

Algúns dos argumentos utilizados máis comunmente na campaña son os seguintes:

1. A enerxía nuclear non é nen boa nen má, é necesaria. Fustificandoa sempre como o único substitutivo do petróleo e do gas natural, despreciando outras fontes de enerxía ou minimizándoas como no caso da enerxía solar; por suposto nunca se fai referencia ao derroche sen freo e innecesario do petróleo, nen tampouco ao artificial que ten a crise enerxética.

2. Utilízase sempre a palabra "Progreso" cando se referen as centrais nucleares, con exemplos dos países máis "avanzados", tratando de trogloditas e incultos a aqueles que se oponen a enerxía do futuro representada nas nucleares.

3. Xustifican a enerxía nuclear como a solución máis prudente e conveniente para a poboación en base a análises técnicos, chegando mesmo a razoamentos do tipo do



premio nobel Hans Beth que di: "pienso que la opinión pública no dispone de suficiente información ni de tiempo para informarse a fondo, yo creo que los políticos son las personas más adecuadas para la decisión última sobre la energía nuclear".

4. Un argumento utilizado sempre nesta campaña é o encamiñado a desterrar o medo e recelo da xente, sendo unha pregunta corrente aos entrevistados a posibilidade dunha explosión nunha central nuclear, comparando mesmo coas bombas atómicas, con esta pregunta o entrevistado pode extenderse con toda unha serie de detalles para concluir de que é casi imposible que explote como unha bomba atómica, así conseguese desviar a atención sobre os verdadeiros problemas que encerran as centrais nucleares (contaminación térmica, radiactiva, química etc).

5. Tamén está presente a alusión ao nivel de vida da

poboación, facéndonos ver un futuro incerto e negro no caso de non utilizar a enerxía nuclear, levándonos a crer que realmente son imprescindibles.

6. Chega a recoñecer que a enerxía nuclear entraña riscos, despois do accidente de Harrisburg isto xa non se pode ocultar, pero a súa vez afirman que os riscos se se calculan ben son menores que os que encerra o uso do carbón (por a contaminación atmosférica, os accidentes dentro das minas... etc) como di o citado premio nobel, polo que se ve non interesa citar os problemas de contaminación, residuos radiactivos, enfermidades graves, cancro, malformacións xenéticas, e tamen accidentes dentro das minas para extracción do uranio.

7. Utilizan en programas de rádio declaracións, presentadas ao azar para facelas máis críbeis, de persoas que viven perto dalgunha central nuclear, nen que dicer ten por suposto que todas as respostas van encamiñadas a tomar como natural que a xente viva ao redor de centrais, sen que por iso suceda nada grave; o que non nos din é que por exemplo moitos tipos de cancro provocados pola radiactividade en pequenas doses acaba manifestándose despois de 20 ou 30 anos, e polo tanto que os habitantes da zona perto das nucleares non teñan hoxe doenzas ou cancro non quer dicer que o seu organismo non vai a padecelo pola súa causa. O mesmo podemos dicir dos produtos do campo cultivados na área de influencia da contaminación radiactiva que se por carecer de análises sistemáticas e planificadas, parecen produtos sanos, non por iso poden encerrar sérios perigos a quen os consuman despois dalgúns anos.

En definitiva estamos diante dunha nova campaña publicitaria a favor das nucleares, que oculta, terxiverxa ou mente en aspecto de relevante importancia, a falta de alusión á contaminación do ar, da terra e da auga en extensións grandes provocada pola emisión de partículas radiactivas, e químicas así como a contaminación térmica, son sistemáticas e intocábeis, negar que hai intencións política detras e mesmo militares é falsear unha realidade evidente, pois moitos países sen problemas de crises enerxéticas como o Irán (rico en petróleo) cando decide instalar centrais nucleares faino co fin de conseguir o suficiente plutonio (extraído destas plantas) para fabricar bombas atómicas e o mesmo podemos dicir do Goberno español por declaracións feitas á prensa onde se recollía a necesidade rápida de fabricar estas armas estratéxicas polo que fai as centrais nucleares ademais de industrias para producir enerxía, industrias militares ligadas a plantexamentos políticos.

A publicidade dedicada ao grande público, por meio de canles de grande credibilidade (premios nobel, editoriais de prensa, reportaxes, entrevistas in situ a poboación... etc), dando a sensación de información rigorosa, neste caso non son máis que unha trampa da democracia burguesa.

ILUSTRACION : MIGUEL DOCAMPO

don agosto

Por XAQUIN MARIN

VAYA DISGUSTO QUE TENDRA VD. CON SU HIJO JOSE LUIS METIDO A DIRIGENTE DE LA RAMA GALLEGUISTA DE UN PARTIDO

TEGA EN CUENTA QUE PARA LLEGAR HOY ADONDE LLEGAMOS NOSOTROS NO SIRVEN LOS MISMOS PROCEDIMIENTOS



En meio da mobilización xeral dos partidos e forzas autonomistas, en en plena "espantá" madrileña dos seus líderes, A NOSA TERRA tencionou facer un informe que refrexara dalgún xeito cal era a "saúde social" do proxecto autonómico en plena "negociación" das súas competencias. Persoeiros de ámbitos profesionais, da cultura, da vida social, líderes políticos (os que quedaron), e unha encuesta de rúa, feita na compostelana Praza das Praterías a meia mañá dun mércores, foron como

unha especie de termómetro no que a temperatura autonómica, mesmo en ámbitos cualificados, rexistrou moi poucos degraus de interés, nuns casos, e de clarificación en cáseque todos. Paradóxico é que os sectores con ideas máis asentadas e craras sobre autonomía en xeral e proxecto autonómico en particular, señan, a esta altura, os que rexeitan, dende presupostos de liberación nacional, calqueira caste de autonomía. Paradóxico, sí, pero tamen cotián.

MADRID XA TEN ESTATUTO

AVELINO POUSA ANTELO. Mestre de escola, secretario xeral do Partido Galeguista próximo o seu relevo, frase predilecta da súa definición política tén sido "somos a conciencia crítica da UCD".

"Se a autonomía fora semellante a de bascos e cataláns, penso que nos podería ser extraordinariamente útil porque nos daba unhas armas no eido cultural pra empezar a crear Galicia cunha formación dende as escolas... O Partido Galeguista tén o camiño craro, o único é este, o dun autonomía ampla pra empezar a andar. Despois, co tempo, xa falaríamos... O Estatuto é unha ferramenta. E cunha ferramenta, un artista é quen de facer unha obra de arte e un chafulleiro algo que non valia pra nada".

O miragre da existencia diferenciada de Galicia, a traveso de tantos erros e misérias históricas, proba que do chan galego xurde unha enerxía incoercible, capaz de facernos inmortais. Eu, polo tanto, confío na soberanía natural de Galicia.



XOSE LUIS RODRIGUEZ PARDO. De ser un dirixente máis do PSG, á secretaria xeral do PS de G-PSOE.

"A autonomía paréceme ben dende todos os puntos de vista. Penso que o Estatuto pode valer pra que se poida poñer a andar o autogoberno galego.. A miña militancia actual no PSOE é unha evolución lóxica en función das coxunturas da Historia e da política no mundo, de España".

Se un pobo non quere morrer estúpidaamente asimilado, nen lle queda máis que un recurso: deixar de ser español.

SALVADOR GARCIA BODANO. Poeta, considéraselle hoxe englobabel na liña máis "radical" de UG.

"A xente da rúa non se decatou do que é a autonomía,



porque o Estatuto non está en función da realidade. Naceu dentro dunha cor, e é froito de discusións partidárias, prerrogativas económicas de grupo, negocios mercantiles... E un proceso tan hábil que non se sabe como vai.. E unha autonomía concedida, non é esa autonomía que sempre está subxacente... Creo que Galicia aínda non expresou realmente a súa vontade; a nosa xentiña non sabe o que quere porque non lle deixaron querer xamais e porque non lle deron formación para saber querer".

XOSE MARIA RIVERA ARNOSO. Alcalde de Fene, é actualidade pola campaña que todo o autonomismo de Ferrol e zona lle está a montar nas últimas semanas.

"A diferenza que hai entre autodeterminación e autonomía, é que a autonomía é unha concesión central que se pode dar e quitar en calquer momento. Nós pensamos que Galicia, como Nación que é, tén dereito a gobernarse por si mesma, e o Estatuto dá unhas concesións moi cativas... O españolismo, o que non fixo en ningún axuntamento de Galicia, está facéndoo en Fene. E é que sacar unha campaña polo Estatuto nun concello con alcalde do Bloque, a única forza coerentemente antiautonomista, serialles decisivo, e eles sábeno".

ESTANISLAO REVERTER. O "contestatario" da UCD en Ourense. "Estou dacordo coa autonomía. Non teño lido moi a fondo o Estatuto, pero creo que recolle todas as competencias que eu penso. E a forma pra chegar a un autogoberno é unha Xunta".

Ningún antifeixista pode negarlle (a Galicia) o dereito de autodeterminación; é decir, o dereito a gobernar a súa vida. Non esquezamos que todos nós somos antiimperialistas.

PRESENTARONMO PORQUE DISQUE E GALEGO; E HOXE TENTOUME O DEMO A PASEIAR CON EL IQUE DE PARVADAS TIVEN QUE ESCOITARLLE!. FALOUME DAS CORRIDAS DE TOUROS, DA LOTERIA NACIONAL, DOS GRANDES POLITICOS GALEGOS E DO NOXO QUE LLE INSPIRA O CATALANISMO. DIXOME QUE NON SABE COMO HAI QUEN VIVA NA NOSA TERRA CON TANTO CHOVER E CHOVER. DIXOME QUE O ATRASO DOS NÓSOS LABREGOS DEBESE A QUE NON FALAN EN ESPAÑOL....

JOSE NOVO FREIRE. - Da presidencia de Caritas a alcalde de Lugo, via UCD. A súa falla de propios intereses, diferenciándoo de sectores de UCD-Galicia representantes do caciquismo nacional, levouno a abandeirar os intereses de UCD-Moncloa nos seu sitio mais feble.

"Inda que són da UCD, non teño referencias exactas das discrepancias entre UCD de Galicia e a Moncloa. Os nosos parlamentarios levan o noso sentir de acadar as máximas cotas de autonomía, e o das diverxencias é algo lóxico e bon, que demostra que somos un partido democrático"... Teño moita confianza no estatuto e penso que vai solucionar os problemas de Galicia interior... A cuestión de desmantelamento de empresas, como o caso da FRIGSA, é algo particular, non é cousa do Estatuto".



XOSE R. BARREIRO. Historiador especializado na Edade Contemporánea e maiormente no galeguismo histórico.

"A Autonomía é fundamental. Pero o máis importante ás veces non é saber si temos ou non unha botella, nen xiquera se está chea. O importante é saber de qué está chea... O Estatuto do 36 foi un estatuto feito polos galeguistas e avalado polo pobo gallego. A miña primeira sospeita escomenzou xustamente cando advertín que este Estatuto que agora se está a discutir nen o fixeron os galeguistas nen vexo

que esteña avalado polo pobo... A miña postura inicial, mentras non saiba como vai quedar, é de rexeitamento. E un desperdicio dunha etapa histórica moi favorable".

Así e todo, a miña Terra está en condicións de salvarse, porque conta con persoalidade indiscutibel e quer exteriorizala en forma de cultura e de leis públicas, e dia virá en que se governe por si mesma. Entón as realidades do noso tempo serán lembranzas aleccionadoras.



MANUEL MARIA FERNANDEZ TEIXEIRO. Poeta, procurador, vencellado o mundo da cultura galega de moi vello, forma parte desa xeración ponte que conoeceu aos derradeiros do galeguismo histórico e hoxe forma nas filas do nacionalismo.

"A autonomía é unha cousa que non vale para nada, en todo caso é unha cousa que se lle dá a unha rexión... Ler esa caricatura de Estatuto, de enorme pobreza xurídica, e ler a Constitución española é todo un... Consérvase a mesma división territorial, economicamente somentes se quita en claro que van subir os impostos... Castelao xa non cadraba moi conforme con aquel proxecto de Estatuto, anque era consciente que por algún lado habería que rachar. E do 36 ao 79 pasaron moitos anos, e a vida como dixo alguén, faise cara adiante, non cara atrás... Penso que a única alternativa real que hai cara a que Galicia empece a camiñar un pouco, é a traveso das Bases Constitucionais. O pobo galego tén de ser dono dos seus propios recursos; doutro xeito, seguiríamos nas mans do colonialismo".


O sol é pra todos os homes do mundo; pero fai negros en Africa e brancos en Europa. E a Nosa Terra ten poder bastante para facer brancos aos negros.

XOSEFINA L. CORRAL
X.M. GONZALEZ

Textos en cursiva:
A.R. CASTELAO

Ilustracións:
X. MASIDE

Fotos:
XURXO FERNANDEZ
F. BELLAS





△ José Quiroga Suárez, presidente de Xunta, ou o Estatuto que caíu do ceo.

▽ Parte do Goberno preautonómico, ou a "imaxe televisiva" do país.



Entre ignorancia e belixerancia A RUA, A VELAS VIR

A encuesta deu de todo. Un porcentaxe de "Non sabe, non contesta" superior ao da totalidade da xente que tiña algo que dicir sobre a autonomía, e logo, dende o que pensa que é algo moi importante prá nosa "rexión" pero que non vai solucionar os problemas, ao que entende que é o máis ao que podemos aspirar. E esto pasando polo fascista redomado, polo que só tén craro que non se debe meter no chóio, o que anda "mosqueado" a forza de manobras e o que perferiria "unha" autodeterminación. Crara e sen vacilacións anque cunha preséncia que fai pouco porcentaxe, unha postura nacionalista, a de que o pobo galego "recobre o protagonismo da súa propia historia".

—A Autonomía non me parece nada axeitada para Galicia. O Estatuto nen vai recoller ningún dos problemas reais de Galicia nen vai solucionar nada. A solución sería unha autodeterminación, (Periodista de Rádio Lugo).

—Penso que é unha cousa que a saben os que a entenden, aos que non nos interesa non nos metemos en nada deso. Non dou opinión ningunha.

—Non, non sei nada.

—Non, non entendo deso.

—Os nomes de Autonomía e Estatuto me parece que non significan moito. O que sería interesante sería un auténtico autogoberno galego. O Estatuto non sei cal van facer (sic). Hai unha especie de nebulosa que está envolvendo

esta discusión do Estatuto. (Profesor da Universidade).

—Non, non sei nada.

—"Yo no sé nada de eso".

—"¡¡¡ Yo no quiero más que una Patria, un idioma y una bandera.!!!"

—"Ya me doy por vencida de todo eso". (Rapaza nova).

—A Autonomía é unha farsa que ten de utilizar o Estado unitario español para parar os avances do nacionalismo popular galego. Iste Estatuto de migallas, que non resolve nada, é o novo marco legal do colonialismo. A solución dos problemas reais de Galicia virá dada na medida que o pobo galego teña órganos de por si, que planifique a súa economía, a súa cultura, que seña dono de si mesmo. (Esdudante de galego-portugués).

—Non, eu non sei nada.

—"Me parece bien la autonomía porque es lo máximo a lo que puede aspirar una región" (Estudante de Medicina).

—Eu non entendo deso.

—Non sei nada.

—Penso que é unha cousa moi importante para a nosa rexión. O Estatuto non vai solucionar os problemas reais de Galicia. Teríamos que saber en que condicións está o Estatuto, que é o que piden, cales son as bases. Vai recortar unha chea de cousas. (Crego).

—Non entendo nada.

—Queren ser todos do fascio. Se é dun partido, non pode ser. (Arbañis).

—"No, nada, nada, nada". (Policía).

HERRERA DE LA MANCHA,

motivos e consecuencias (II)

MANUEL P. MAHIA

Realmente, as problemáticas diferían un tanto en moitos aspectos, pero os resultados podían ser os mesmos, ou seña que O UNICO MEDIO DE ABORTAR UN MOVIMENTO QUE REPRESENTA UNHA SERIA AMEAZA PARA AS NOSAS INSTITUCIONS FEUDAIS E FASCISTAS, CONSISTE EN ELIMINAR AOS QUE O DIRIXEN E NUTREN. O Sr. Garcia Valdés lía a Foucault, pero para a nosa desgracia, cunha idea ben distinta, e así, aprobábanse uns presupostos astro-ómicos de milleiros de millóns que irían destinados non ao benestar e reeducación do preso ou á atención e previsión do delito, e ia sofisticar aínda máis a represión en contra dun sector social que tivese a ousadía de se enfrentar abertamente a un sistema totalitario e fascista, poñendo en evidencia perante a opinión pública, sempre enganada e manipulada, as contradicións deste mesmo sistema, representado agora polo neofascismo da UCD. Resultaría óbvio o dicir que aquí radica a única razón pola que o Congreso se xuntaba a porta pechada para tratar o problema das cárceles co unánime consenso dos "representantes do pobo" que decían pertencer á esquerda parlamentaria; e neste punto quero lembrarlle ao señor Carrillo que os presos en loita non non imos esquecer xamais a promesa que nos fixo no Nadal do 76, cando a mascarada da súa detención e posterior ingreso na enfermería de Carabanchel, de loitar por un indulto amplo que compensase, se non de todo, si un tanto a nosa inxusta situación; e no Pleno do Senado do 10 de Febreiro de 1978, a proposta de indulto deixou un saldo negativo de 128 votos en contra, 16 a prol e 3 abstencións.

Outra vez máis, a marxinação e a inxusticia deixaban ver as sinistras gadoupas, e como sempre, as vítimas, as mesmas. O sangue seguiu a correr, para a nosa desesperación, e o sufrimento pasou a ser a constante da subsistencia infrahumana que a DEMOCRACIA NOS DEPARABA.

Hoxe, os que non temos mañá, pois nen xiquera o futuro nos pertence, vivemos sumidos no máis demencial dos terrores que imparte a maquiavélica política dos que gobernan e que se pon en práctica na cadea de Herrera de la Mancha, así como nos celulares e departamentos especiais das prisións de Garcia Valdés.

Coa fonda emoción que me enche ao escribir estas páxinas desde o Departamento Especial da Prisión da Coruña, no que estou confinado, após sofrer 22 meses de torturas nos celulares de El Dueso, Puerto de Santa Maria e Burgos, quero dar conta da miña solidariedade cos compañeiros de Herrera e de todo o Estado, e prego a súa publicación dacordo co lexislado, co que me confere o dereito de réplica, e que me permite a expresión e difusión libre de calquer idea ou opinión por méio do escrito o calquer outro meio de reprodución, e a comunicar libremente información certa por calquer meo de difusión.

O ingreso no departamento celular de El Puerto de Santa María supón nos, máis dos casos a malleira correspondente a mans de 4 ou 5 funcionarios para que se che vaia metendo na cachola cal é a especialidade da casa no caso de que non te amoses "manso", e o resto pódese deducir doadamente: seguen vixentes as formacións militares antes e despois da hora de pátio correspondente e a calquer momento; tes de te poñer en posición de firmes cando algún funcionario abre a porta; non te podes asomar



á fiestra; non se pode un deitar na "cama" de ferro empotrada desde as 10 da mañá ás 10 da noite; a correspondencia censúrase; as comunicacións con familiares duran 10 minutos; a comida é insuficiente e má, a limpeza e o aseo practicamente nulas; se non tes sabas para tapares a roña, que forma cotras nas colchonetas, a Dirección nos chas proporciona a pesar da circular existente tocante a iso da Dirección Xeral; as noites fanse interminábeis, na compañía das pulgas, que non che deixan dormir; o espácio libre da cela que ocupas é de 70 centímetros de ancho por dous de largo e as necesidades vitais e emocionais están contadas até tal punto que o desequilibrio físico e a anormalidade psíquica chegan a producir xa deformacións incurábeis, as malleiras brutais pola mínima están a orde do día (o súbdito italiano Salvatore Pasquali, Alba Melero e unha chea de compañeiros poden respostar a isto, os xuíces de El Puerto e Cádiz non respostan aos requerimentos xudiciais), e a situación en xeral é aínda peor en todo o seu espectro, deixando claro que no Supercárcere de Herrera o refinamento da represión aínda se supera.

Agora mesmo, os 60 por 100 dos presos confinados nos celulares e máis Herrera reciben medicación psiquiátrica, e os síntomas de tolémia son alarmantes.

Estes fólíos non traslucen máis que unha mínima parte da situación nos cárceles españois após as suicidas loitas levadas adiante polos presos na defensa dos seus dereitos e a prol da súa liberdade e da transformación desas leis caducas, antisociais e clasistas que impiden a súa rehabilitación.

E vergoñento e insultante que un doutor en Dereito lles declare aos meos informativos desque rematou a construción do Supercárcere que el sabía construír cárceles para perigosos, pero que tamén que tamén sabía construír para feras. Antes desta, fixera outras declaracións nas que afirmaba poñer en funcionamento, se comprise, para esmagar o movemento reivindicativo dos presos, campos de concentración rodeados de arámio de espiño.

Ao tempo, quero denunciar desde aquí, tocante á esquela aparecida en "El País" verbo das dificultades que atopan os abogados en Herrera de la Mancha, e a súpeta reacción do preso Pedro Garcia Peña, que renunciou ver o seu abogado, Inés Garcia Domínguez, a que se debe todo isto: este compañeiro, con Alfredo Casal Ortega, Jorge González Sánchez, Miguel Angel Melero e Tobar, somos testigos do asasinato de Agustín Rueda Sierra, acontecido o 14 do marzo de 1978 no cárcere de Carabanchel, por mor dunha malleira de varios funcionarios. Desde aquela, Pedro Garcia Peña estése a se ver perseguido e ameazado sistemáticamente en todas as prisións polas que pasa; cando el, conviviu en varios meses nun celular, e xa daquela se advertían grandes síntomas de desequilibrios e un medo moi grande a que lle acontecese algo raro. Hoxe, ao ver na esquela de "El País" que recén mandara retirar a súa denuncia firmando un prego de descargo a prol dos funcionarios implicados neste vil asasinato, un máis, é doado saber como se vive en Herrera de la Mancha e o que está a pasar alí.

O extermínio é total en Herrera con esta reforma levada ao cabo por un boneco da UCD, reforma "fondamente humana" e "a cabeza de Europa en materia penitenciaria". ¡Gracias, Sr. Valdés, no nome dos presos! ¡Moitas gracias! Os presos en loita xamais o hemos esquecer.

mostra de outono

VISITE A "MOSTRA DE OUTONO DE PINTURA E ESCULTURA GALEGA CONTEMPORANEA" ORGANIZADA POLO NOSO SEMANARIO.

NA CORUÑA: DO 6 AO 25 DE NOVEMBRO NO QUIOSCO ALFONSO.

EN VIGO: DO 28 DE NOVEMBRO AO 15 DE NADAL NA SALA DE EXPOSICIONS DO AXUNTAMENTO NOVO.

UNHA MOSTRA REPRESENTATIVA DOS NOSOS MELLORES PINTORES E ESCULTORES CON MESAS REDONDAS SOBRE PROBLEMATICA DA ARTE GALEGA, VISITAS GUÍADAS PARA ESCOLARES, ETC.

NON DEIXE DE ASISTIR A PRIMEIRA "MOSTRA DE PINTURA E ESCULTURA GALEGA CONTEMPORANEA".

PAISES CATALANS

Outravolta, Tarradellas

GRAN XOGADA CARA AO PARLAMENT

Maria Mercé Marçal

As interpretacións sobre a aprobación do Estatuto, sen pena nen glória de máis como xa deixaba ver o ambiente preelectoral, con máis do coarenta por cento de abstencións, semella que incidirá na evolución política inmediata das forzas catalanas. Polo menos, pode influir decisivamente na aceleración de procesos doados de prever.

A interpretación de que o voto ao Estatut foi, sobre todo, un voto de esquerdas —os sectores estruturados arredor da esquerda parlamentaria— levan a que a dereita crea na existencia dun espazo potencial de centro "abstencionista" e a tentar artellalo de xeito que poida contrapesar a hexemonia da esquerda no futuro Parlament de Catalunya onde é mesmo posíbel que chegue a aumentar a súa incidencia.

Dentro deste contexto compreséntase a operación Tarradellas que nunha crónica anterior tiñamos revelado como hipótese. Toda a campaña de promoción persoal do President —oposición ao Si inicial, crítica do proxecto recortado en Madrid, etc.— e durante a campaña propaganda persoal a favor do si, non se entendía demasiado se realmente fosen certas as súas intencións de se retirar da política. Ben polo contrario, Tarradellas é, neste momento, a peza chave dunha xogada política de grande envergadura: del depende que de cara ao Parlament de Catalunya se altere ou non a actual correlación de forzas políticas. A baza que ganar é, para esta opción, mover á participación a este coarenta por cento abstencionista —excluído un tanto por cento modesto para a opción de Esquerra d'Alliberament Nacional e outro tanto para a Lliga— que se interpreta como un electorado conservador e aos que a figura do President podería

decidir para emitir o seu voto

MAIS ALA DO TOPICO UNITARISTA

A xogada colleu corpo na forma dun manifesto para o que se teñen de recoller firmas populares pedindo a continuidade de Tarradellas ao frente da Generalitat e, polo tanto, que encabece unha candidatura de independentes ao Parlament de Catalunya. A Esquerra Republicana de Catalunya, para quen esta operación pode significar a súa consolidación como partido, apurouse a apoiar a iniciativa. Tampouco é difícil vislumbrar a man da UCD e seguramente tampouco falle a connivencia dalgun sector de Convergencia Democrática (falase de Trias Fargas), partido que quedaría collido entre dous fogos e veríase na obriga de se definir polo menos na cuestión da elección do President. Unha manobra deste tipo podería incluso, se triunfara, obligar aos socialistas a un pacto que asegure a elección de Tarradellas e impida, polo mesmo, un presidente de esquerdas ao frente da Generalitat. A xogada, a pesares de que está abandeirada polo tópico do famoso unitarismo catalán do que Tarradellas sería unha garantía, non pode ser máis transparente: Consolidación dun espazo de dereita en Catalunya, semellante ao que poida ser o PNV en Euskadi, co que se poida

entender o partido gubernamental e que diminúa o peso da esquerda nunha das zonas "roxas" do Estado, aínda que este roxo teña un tono de certo descolorido. Tarradellas ao frente da futura Generalitat sería o seu valedor.

AS CANDIDATURAS NACIONALISTAS

Por outra banda segue a se consolidar, non sen problemas internos, a opción de independentes de esquerda d'alliberament nacional que xa ten nome: Solidaritat d'Esquerra Nacionalista, sen que, polo de agora, se sepa que opción tomarán os partidos políticos que se mover neste espazo. De feito, hai indicios de que esta candidatura podería ofrecer garantías de

seriedade en sectores importantes até hoxe sen aglutinar no espazo nacionalista e que poidearan atopar acobillo nela, sectores ecoloxistas, feministas, gays, etc. e tampouco parece probábel que poida ter competencia séria, a non ser que lle reste credibilidade rupturista o feito de que se imponían nela as tendencias máis "benetistas", é dicir os partidarios de dar apoio á candidatura de Banet propiciada polo PSUC. De feito se a candidatura se amosou contraria ás insinuacións tarradellistas non se pronunciou oficialmente sobre o seu apoio á candidatura de Benet, especulado nalguns medios informativos. Aclarado este punto, que pode ser sintomático, e si esta candidatura consegue afianzarse, é probábel que aglutine aos grupos polo de agora indecisos (Front e Pisan, incluso sectores do PCT) xa que a posibilidade dun éxito electoral do BEAN, con Xirinnachs ao frente, semella nestes momentos totalmente quimérica.

EUSKADI

O ESTATUTO, VOTADO

MAIALDE

Con resultados lixeiramente superiores as hipóteses sobor da participación lanzadas polo CGV, foi aprobado en Bizkaia, Gipuzkoa e Araba o Estatuto de Autonomía. A xornada electoral desenrolouse con normalidade sendo notabel, sobor de todo en Vizcaia, o incremento dos votos emitidos por correo.

A abstención tense dado maiormente nas zonas rurais; en Araba, semente en 52 localidades, 3 delas de poboación por baixo dos 1.000 habitantes, Berredo, Iruraiz e San Millán, houbo un porcentaxe de abstención por riba do 40 por 100. En Bizkaia, nove sitios, quitado dous, Arrigorriaga e Etxebarri, enclavados en zonas rurais, rexistraron una participación por baixo do 50 por 100.

GIPUZCOA, GANOU A ABSTENCION

En Gipuzkoa foi onde se rexistrou o maior índice de abstención, cun 40,98 por 100. Dazanove localidades, entre elas Ordizia, con máis de 7.000 habitantes, e Lezo, con máis de 4.000, rexistraron unha abstención por riba do 50 por 100. Os máis destes están dentro da zona de Goierri, sitios coma Ataun, Amezketa, Isasondo e Alpalzisketea, de forte influencia do nacionalismo radical. Noutros casos, Larrault —71,90 por 100 de abstención— e Oreja —82,35 por 100— as razóns habería que buscalas máis no espallamento da poboación e na moita idade de grande parte dos votantes.

Os máis dos partidos teñen mostrado a súa satisfacción polos resultados. Benegas, do PSOE, espresaba a súa preocupación pola posíbel actitude de ETA tras da aprobación do Estatuto. "¿Hastra qué punto

van aceptar os de ETA" —manifestaba— "que o pobo basco aceptara o Estatuto e que o KAS é minoritario?". Arzallu, do PNV, indicaba, nese mesmo

sentido, que para a configuración política do futuro había que contar con dous factores, a valoración dos que apoiaban o si, e a que quixeran facer Herri Batasuna e máis ETA.

Para Herri Batasuna, a votación do día 25 ten suposto a

consolidación de HB. "Que non vai modificar a súa liña política", afirmaba Txomin Zuiluaga— "senón que no futuro reafirmarse nela e continuaremos a defender o programa polo que vimos loitando". Mario Onaindia, de EIA, afirmaba que agora a laboua prioritaria era o desenrolo de contidos progresistas pola presión de forzas de esquerda.

O análisis de Ortzj sorprendeu nos medios políticos bascos. Para o parlamentario Letamendia é necesario que Herri Batasuna reconsidere a súa actitude política tras do día 25. "Temos que sair desta actitude numantina de estar contra todos" declaraba. Para Ortzj é necesario apoiar as forzas que aspiren a unha verdadeira autonomía, evitar recortes do centralismo e apoiar as forzas obreiras que votaran si ou non".

ESPAÑA Os parlamentarios galegos cabréanse

NON LLES ACEPTAN O SEU ESTATUTO

X. L. LABANDEIRA

Este fin de semana pasado, refrendadas as autonomías catalana e basca, estando a piques de rematar as reunións da ponencia mixta constitucional do Congreso, que estudaba o articulado do Estatuto de Autonomía para Galicia, producíronse certos conatos de enfrentamento entre os parlamentarios da UCD de Galicia e máis os seus xefes do Goberno de Madrid, conatos que manifestan o interese dos primeiros por chamaren a atención da opinión pública, para lle daren credibilidade a un Estatuto e a unhas negociacións nos que ninguén cre; e o do Goberno por recortar as competencias dos estatutos autonómicos todo o que poidan, por baixo dos textos de Sau e de Gernika, empezando polo de Galicia.

"DESACORDOS" NA UCD

Do fin de chegar a un acordo

tantes do Goberno, encabezados por Rodolfo Martín Villa e Alberto Oliart, cos ucedistas de Galicia membros da ponencia que informará sobre os Estatutos; aínda que no principio, homes como Meilán-Gil, Rosón e Juan Quintás tentaran presentar a situación como unha guerra interna nas ringleiras do partido gubernamental, deberon aparecer moi amansados após o fin de semana, cando un deputado do PSOE dixó que parecía coma se "este fin de semana lles leran a cartilla".

Esta especie de discrepancia entre os membros da UCD de Galicia e o Goberno do seu propio partido, basearíase na negativa deste a recoñecer a institucionalización da parroquia

e a comarca e en plantexamentos distintos sobre o número de competencias referidas a economía e facenda, puntos nos que os parlamentarios galegos non aceptan a mesma estrutura que se lle deu ao Estatuto catalán, por considerala non axeitada á realidade galega. A ponencia que estudaba o proxecto de estatuto rematou os seus traballos o día 31. Neste proxecto, que agora se vai someter a debate na Comisión Constitucional, facúltase aos órganos de poder galegos para crearen unha policía autónoma, dentro do marco dunha Lei Orgánica emanada de Madrid, para controlar as Cofradías de Pescadores e as Cámaras de Comercio, para executar a legislación do Estado en materia laboral e de contaminación, para

a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego; para o que, mediante lei do Parlamento español, se constituirá unha cousa que se chamará "Consello Cultural", e máis un "Fondo Cultural Galego"; asemade, recoñécese a personalidade xurídica da parroquia rural e da comarca.

Así é como deu o primeiro paso de cara á súa aprobación polo Parlamento español o proxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia, paso do que, segundo afirmou un portavoz do PSOE, saíu empeorado verbo do texto presentado o 28 de xunio no Congreso, que a esquerda española considera inaceptábel e co que mesmo tiveron problemas os parlamentarios de UCD. Así será.

en base ás posturas xa citadas, viéronse xuntando os días 27, 28 e 29 na Moncloa os represen-

COREA DO SUL COMODA PESCA EN RIO REVOLTO

J.J. NAVARRO/
LLATZER MOIX

Na noite do 26 de outubro pasado, desenrrolouse en Seul, capital da Corea do Sul, un dos magnicídios menos sofisticados da era moderna. O presidente daquel estado, Park Chung Hee, faleceu acarón dos membros da súa escolta persoal, en medio dunha "ensalada" de tiros bárbara, organizada polo xeneral Kim, xefe dos Servicios de Seguridade Sulcoreanos e amigo personal do finado. Ao principio, declarou que o presidente tencionaba relevalo nas súas atribucións, e que o asasinato veu por motivos persoais e accidentais. Porén dada a política exterior levada adiante polos USA nestes pasados meses, definíbel como "Operación dereitos humanos", o certo é que a tesis do asesino resulta algo incribel.

Park, de 62 anos de idade, colleu o poder en 1961, e saíu nomeado presidente en 1963. Por dazaioito anos, ten estado ao fronte dun estado que o seu valor estratéxico en Asia é impresionante, como compridamente se demostrou nos anos 50, coa guerra que enfrentou ás dúas grandes potencias na península coreana.

Dunha banda, Corea do Sul ten un valor estratéxico "per se", poisque se pode considerar como unha avanzada occidental no continente asiático, a moi pouco camiño da República Popular China e da URSS; dende este punto de vista, Corea do Sul representa para os USA, conservando as diferencias, algo coma o que Cuba para URSS.

Doutra, Corea do Sul, ao xeito que Malasia, constitúe o extremo dun arco dende o que os USA poden "atenazar", se compre, o Oriente asiático.

DO "MILAGRE ECONOMICO"

Estes motivos, de capital interés xeopolítico, foron os que propiciaron, en 1961, cando un golpe de estado lle deu o control da situación a Park, o decidido apoio económico e político dos USA o novo réxime. Hai dazaioito anos, Corea do Sul era un estado famento e analfabeto; hoxe en día, os millóns de sulcoreanos contan cunha renda per cápita de 1.500 dólares anuais, e a situación xeral do

país é moito máis confortábel.

Corea do Sul tense convertido, tras de experimentar o máis elevado ritmo de crecemento conocido no mundo, na segunda potencia pro-occidental asiática, detrás, por suposto, do Xapón.

A industria funciona, en Seul e outras cidades, a toda máquina, grácias ao que esporta diversos tipos de produtos manufacturados. Este despegue económico, semellante ao que aconteceu en varios países do Estado español durante a etapa franquista, ten un incuestionábel coste social. Park gobernou sempre con "man de ferro"; os sindicatos non funcionaron durante o seu mandado máis que a nivel simbólico; calisquer crítica pública ao réxime imperante pagábase a base de arrestos e cárcel; prensa, radio e TV sofrian toda caste de censuras; o país, en xeral, viviu a boca tapada por cáseque vinte anos, concentrado na tarefa de realizar o, digamos, "milagre económico sulcoreano".

AO DESCENTEN TO POPULAR

Non hai máis que unha semá, o líder da oposición parlamentaria ao presidente Park viuuse expulsado do seu escano por as súas protestas orais teren chegado alén do habitual.

Este feito foi causa de mobilizacións populares en varios núcleos industriais; a reacción de Park foi a de

reforzar os efectivos policiais nestas cidades, e de declarar nelas a Lei Marcial. En teoría, os problemas debían quedar resoltos, pero desta volta, non foi así.

Segundo certos observadores, é que Washington ten estimado que o poder e a imaxe de Park estaban no ar; non temos de descartar tampouco o posíbel descubrimento polos servicos de intelixencia yankees dalgunha operación nordcoreana pra capitalizar o descontento popular rexistrado nos últimos tempos en Corea do Sul e realizar unha cómoda pesca nun río revolto. Esta tesis veríase apoiada polas "presas" e características do relevo presidencial, no que, por suposto, os USA teñen negado calisquer participación.

Seña como seña, o certo é que os USA se benefician co cambeco de réxime na Corea do Sul. Antes de nada, porque atallan as incontabeis corruptelas (algunhas das que, segundo certas fontes, o terían levado, mesmo, a certos contactos pouco ortodoxos con veciños do Norde). En segundo lugar, porque esta vai ser unha mellorable ocasión pra lle lavaren a cara ao goberno dun estado amigo de Occidente (segundo unha corrente moi de moda durante todo este ano 79 que está a acabar). E en terceiro lugar, porque a operación supón unha aposición á idea de Washington, de demostrar a solidez da política exterior estadounidense.

Dentro de tres meses, en todo caso, e desque se aprobe a Constitución, Corea do Sul terá de acodir ás furnas pra escolleren novo presidente. Os candidatos ao cargo son antigos primeiros ministros e ex-colaboradores de Park, pero o máis probábel é de non cairen nos mesmos erros despois do que pasou. O vindeiro presidente de Corea do Sul ha ser home pouco afecto a compoñendas e corrupcións, así como disposto a liberalizar razoablemente a organización social do país, tal e como reza a doutrina Carter. Se non cumpre estes requisitos, o seu xefe de Servicos de Seguridade pódese volver poñer terriblemente nervioso.

¿RUSIA OU URSS?

REGINO DAPENA

Para maior glória e honra do eufemismo derivado do idealismo semántico anglosaxón —sin ter en conta conceutos e realidades— o vocábulo "Rusia" é sinónimo de URSS ou Unión Soviética. A "jerga" confunde ao ruso co ucraiano, xeorxiano, uzbeko, armenio, etc. E o único que teñen de común e que son cidadáns de dobre condición, sen perda dos dereitos e peculiaridades que lles son propias como pertencentes a distintas nacións e razas.

A confusión —voluntaria ou involuntaria— prodúcese por un certo descoñecemento da organización socio-estatal da URSS ou polo enfoque ideolóxico —contraria á realidade— que fan non poucos xornalistas, intelectuais e políticos occidentais.

Así, pois, desde posicións neutras e facendo caso omiso das accións violentas dos revolucionarios e contrarrevolucionarios —incluídas as intervencións de Alemaña, Inglaterra, Francia e Xapón— belixerantes na Revolución de Outubro, centraremos a nosa atención —a grandes rasgos— na cuestión "nacional" da URSS.

E opinión regularmente xeneralizada de que a URSS foi fundada a golpe de mazo pola imposición case caprichosa duns revolucionarios, sen negociacións, discusións e tensións. E non foi así. Os revolucionarios vencedores tiveron que enfrentarse, entre eles, con dificultades de difícil solución na cuestión das nacións e pobos diferentes que presentaban unha natural complexidade: numerosos idiomas, etnias ou razas diferentes, territorios, distintos niveis económicos e culturais, etc... coa agravante das discordias entre nacións grandes e pequenas respecto da integración no "núcleo" metropolitano herdado do zarismo. A cuestión tiña graves implicacións de dobre vertente: interna e externa (mundial). No tal contexto, os leninistas moveronse con grande maestría —teórica e práctica— para resolver problemas profundos e difíceis que podían dar cabo da Revolución, xa que o vulgarmente chamado "marxismo" non foi quen de comprender plenamente nas súas análises ou estudos sociolóxicos e históricos universais a cuestión "nacional". Polo tanto, os leninistas (non todos os revolucionarios eran leninistas) presentaron propostas para o estudo e negociación que, máis ou menos, resumían: 1) manter e consolidar a Unión, 2) a cuestión de Defensa e Asuntos Exteriores serían competencias exclusivas da Unión, 3) as nacións grandes ou máis desenvoladas deberían ceder perante as esixencias das pequenas e menos desenvoladas, 4) respetar rigurosamente o emprego dos idiomas nacionais, mesmo creando alfabetos para os que carezan de expresión escrita, 5) recoñecer a igualdade de todas as razas ou etnias de toda a Unión. En efecto, a solución dada á cuestión "nacional" na URSS nunca podería ser maxinada por Marx e Engels e, moito menos, por outros intelectuais de menor cuantía. Contra todo pronóstico fíxose a Revolución e deuse unha saída natural á cuestión "nacional" precisamente na Rusia zarista, atrasada, agraria e analfabeta. Ironías da historia! Claro que Marx e Engels —alemanes, frios filósofos e apaixonados ideólogos, fillos do seu tempo, en pleno desenvolto liberal— menospreciaron o "espiritualismo" de Hegel e, ademais, carecían dos dados precisos e obxectivos sobre a cantidade e calidade dos intelectuais apolíticos comprometidos para derrocar ao Imperio zarista. Agora ben, a cuestión "nacional" foi o problema máis complicado e grave co que tivo que enfrentarse a nacente URSS.

Pois ben, na actualidade a URSS está integrada por 15 repúblicas (nacións) soberanas, federadas co dereito de actuar libremente, é dicir, son Estados modernos —de feito e de dereito— dotados de todos os órganos de Poder, excepto Defensa e Asuntos Exteriores. As repúblicas federadas rixense polas súas propias Constitucións en consonancia coa Constitución da URSS que estipula o dereito de autodeterminación. Dentro de cada república federada existen repúblicas autónomas, rexións autónomas e comarcas nacionais. Todos os idiomas son respetados e potenciados ao máximo sen negun xénero de discriminación.

As repúblicas federadas son: Federativa Rusa, proclamada o 17-11-1917. Ucraína, o 25-12-1919. Bielorrusia, o 1-1-1919. Uzbéquia, 27-10-1924. Kazáega, 5-12-1936. Georgia, 25-12-1921. Azerbaixán, 24-4-1920. Lituania, 21-7-1940. Moldavia, 2-8-1940. Letonia, 21-7-1940. Kirguísia, 14-10-1924. Tdzhikia, 14-10-1924. Armenia, 29-11-1920. Turkménia, 27-10-1924. Estónia, proclamada o 21-7-1940. Cada unha coa súa propia cultura bandeira, escudo e himno nacionais.

Os órganos de Poder e coordinación da URSS son: CC do PECUS, Soviet Supremo e Goberno, cuíos órganos son os encargados da planificación xeral da URSS —de arriba abaixo e de abaixo arriba— revisión e aprobación dos plans de Defensa, Asuntos Exteriores, Economía, etc. E un complexo entramado de poderes que non se pode xuzgar á lixeira. O Soviet Supremo (Parlamento) está composto por dúas Cámaras legislativas iguais en dereitos: Soviet da Unión e Soviet das Nacionalidades. O Soviet da Unión elixeno todos os cidadáns da URSS, independentemente da súa condición nacional. O Soviet das Nacionalidades elixeno os cidadáns das repúblicas federadas. E dicir, o Soviet da Unión un deputado por cada 300 mil habitantes e o Soviet das Nacionalidades dacordo coas seguintes proporcións: 32 deputados por cada república federada, 11 por cada república autónoma, 5 por cada rexión autónoma e 1 por cada comarca nacional. Ou sexa, que todas as nacións atopanse en igualdade de representación no Soviet das Nacionalidades, sexa a Federación rusa (135 millóns de habitantes) sexa Estónia (millón e medio de habitantes). As eleccións para ambas Cámaras fanse con liberdade para elixir e ser elixido deputado mediante sufraxio universal, directo e secreto sen que sexa necesario pertencer o PC.

Digan o que digan tñiros e troianos, a saída natural —iniciada en 1917— enterrou para sempre o chovinismo "gran ruso", así como os testaferrós e marionetas da rusificación zarista.

En consecuencia, chamarlle Rusia a URSS é un erro de bulto que pode ter diversas connotacións peiroativas. Un caso do coñecemento e entendimento humanos.

O CAPITAN CANUCK, AS PORTAS

CARLOS DURAN — Londres

Semella que o Canadá (anglófono) ten atopado o seu Supermán. Chámase Capital Canuck, axente da CISO (Canadian International Security Organization). Gasta un "modelito" estilo strip-tease masculino, branco e vermello, ostentando no cinto e máis no antifaz o motivo da folla de pradairo ou sexa a bandeira do Canadá. Ten puños de ferro e extraordinarios poderes físicos e mentais, que utiliza para combater aos comunistas. A época é o futuro, os anos 1990. O Canadá tense convertido no país máis poderoso do mundo e este super-héroi está encarregado da defensa desta super-potencia, recibendo as ordes do capital. Ottawa.

O Capitán Canuck (quer dicir Capitán Canadá) ten moito en común co Supermán americano (Joe Shuster, un dos criadores do Supermán, creceu en Toronto e copiou a fachada da sede do Daily Planet do edificio dun xornal desa cidade canadense). Pero ao Canuck dalle por parar de dar labazadas de vez en

cando, eponse a rezar ou dar grácias a Deus pola axuda que lle presta na defensa da civilización occidental. E non é de estrañar, porque o seu criador, Richard Comely, e mormón, e os mormóns cren que a segunda vinda de Cristo ao mundo terá lugar na cidade americana de Salt Lake City, do estado de Utah.

Xa durante a segunda guerra mundial o Johnny Canuck (devanceiro deste Capitán), loitara contra os nazis e combatera o crime ao lado doutros famosos hérois canadenses como o cabo Dixon da Real Policía Montada de Canadá (o criador deste Johnny Canuck, que se chamaba Leo Bachle, alistárase no Exército Canadiense antes da idade legalmentaría). Hoxe, sou mellor mañá, nos anos 90, o seu herdeiro Capitán Canuck tenlla xurada aos comunistas, que ademais das súas ideas trabucadas resulta que non son anglosaxóns nen protestantes, e porriba falan mal o inglés.

A cousa é "comic", pero conven saber deste tipo, non vaia ser que nolo traduzan ao galego e llo metan aos nosos nenos nas escolas co gallo da lei do ensino.

Vilagarcia: A policía ocupou de vez o pabellón

O Gobernador Civil de Pontevedra decretou o peche do Palácio de Deportes de Vilagarcia de Arousa desde o último luns, por razóns de seguridade para os "Policías Nacionales". Queda así Vilagarcia e a súa comarca sen o único recinto deportivo coberto co que contaban.

Iste pabellón dos Deportes pertencía á "Dirección General del Movimiento". Coa súa extinción pasou ao Ministerio de Interior, que decidiu o utilizar as dependencias do edificio como oficinas da Policía Armada, hoxe Policía Nacional. Así, hai ano e medio que teñen no dito edificio unhas oficinas, ás que, ademais, lles fan garda dous policías.

Cando o Ministerio decretou o asentamento das devanditas oficinas a carón do Palácio dos deportes, houbo un acordo verbal co Axuntamento para que o recinto deportivo podera seguir sendo utilizado polos deportistas xa que alí "podían estar todos".

Hoxe as cousas deben ter cambiado xa que o Gobernador Civil de Pontevedra comunicoulle ao alcalde o seu peche "por razóns de seguridade".

O problema preséntase grave para os deportistas arousáns, xa que alí xogaban un equipo de Balonmán e outro de Baloncesto, militantes amboledos en categorías nacionais; así como trece equipos de fútbol e todas as competicións deportivas e de ximnasia dos rapaces da E.X.B., amén doutros diversos torneos. Para o equipo de Baloncesto aínda lle podían encontrar acomodo noutra parte, pero o Carril de Balonmán podese ver obrigado a retirarse da competición se non se lle atopa solución a este problema, xa que non hai ningunha pista máis que teña as dimensións regamentarias.

A solución está difícil, segundo nos informou o portavoz do axuntamento, Sr. Figueras, xa

que "nós ofrecemos alternativas, ofrecemos locais millores para a ubicación das oficinas, pero o Goberno Civil négase ao traslado". Tamén nos informou das xestións que fixo a pasada semana o alcalde en Madrid para conseguir un creto para comprar un polideportivo ou facer outro polideportivo. A resposta foi que non había cartos. As conversas siguen co Gobernador Civil, pero vese difícil a solución ante a negativa de traslado das oficinas a outros locais que lles proporcionarían o Axuntamento.

Namentras o caso non se resolve, se se resolve, en Vilagarcia non se poden practicar deportes de súa. Toda unha cidade e comarca paralizada deportivamente en aras dunha seguridade que hai que lograr agora, non sabemos por qué. Unha separación de Policía do pobo cando tanto falan da integración no seu seo. Unha despreocupación polos problemas de milleiros de persoas, xa que se pensaban que algún día se atoparían obrigados a tomar esta decisión, se teñen que tomala, deberon ollar a forma de que o facer deportivo desta zona non quedara cáseque paralizado de todo. Hoxe non aceptan as solucións de traslado que propón o Axuntamento e que propuña todo o pobo. As causas non as sabemos, anque coidamos non teñan o peso abondo para a toma desta decisión.

UCD goberna, e os seus obxetivos prioritarios saltan á vista, case sempre enfrentados aos intereses reais do pobo.

ACCIDENTES NA CAZA

Por casualidade, lendo unha revista non especializada en temas de caza e pesca atopeime cun artigo que falaba sóbór da perigosidade dos deportes, exactamente daba datos de corenta e oito deportes, e entre eles, tres que serán os que máis interesen aos lectores deste curruncho da páxina: refírome, claro está, á caza en primeiro lugar, á pesca e tamén ao tiro de pichón.

Dos corenta e oito deportes decíase, ademais doutros datos (lesións principais de cada ún, etc) o número de mortos habidos desde o ano 1961. Mentras que no tiro de pichón eses mortos foron 0, isto é ningún, no caso da caza foron corenta e tres, o que daría unha media de máis de dúas persoas por ano. Nótase que falamos somentes de accidentes mortais, non se mencionan accidentes en xeral, dos que non dispoñemos datos, aínda que no caso da caza sería sen dúbida revelador coñecer polo que logo expoñemos.

Deses corenta e oito "deportes perigosos", os oito primeiros son:

montañismo	208 mortos
deporte aéreo	74 mortos
ciclismo	54 mortos
actividades subacuáticas	47 mortos
CAZA	43 mortos
motorismo	25 mortos
pesca	22 mortos
automovilismo	13 mortos

Como vemos, actividades ao parecer tan perigosas como o automovilismo, dan cifras inferiores ás dadas pola caza. Por outra banda somos da opinión de que o que sucede co montañismo, o mesmo que coas actividades subacuáticas ou coa mesma caza son debidas a dous factores: imprudencia e descoñecemento. Todos cantos saín ao monte saben das veces que se encontraron encañonados polo amigo da cuadrilla que leva a escopeta de calquer xeito, saben de tiros disparados imprudentemente sin saber "que había detrás" e demais. A esta imprudencia súmase un descoñecemento de diversa índole que non se dá (ou dase en menor grao) noutros deportes; volvemos ao caso do automovilismo: cada practicante ten cando menos o seu carnet de conducir, conseguido logo dun mínimo de estudos, logo dun examen e logo (cando menos teoricamente) dun examen de condicións físicas do aspirante. E si me decides que mire o caso do deporte aéreo, no que os practicantes teñen un carnet, polo que se debe pensar que deberon tamén estudar uns temas, e a pesar delo dan un número grande de mortes, direivos que loxicamente en tal deporte cada accidente normalmente é mortal, cousa que non sucede na caza.

Volvemos a insistir co expresado, no que xa dixemos nesta mesma páxina noutras ocasións: aínda que a moitos non lles agrade, urxe a necesidade de implantación duns exames que acrediten que quen leva a escopeta polo monte ten un mínimo de coñecementos do

que fai, do que que caza (as especies cazábeis e protexidas) e de modo que os que con el vaían saiban das súas normais condicións físicas (vista, ouvido...) e pensade que non é gana de amolar o que digo, senón máis tranquilidade para todos. De esta maneira conseguiríamos menos imprudencias no monte e cecais menos cazadores tamén, que se botamos contas debe tocar un coello para cada catro. A mesma Lei de caza contempla esa posibilidade, cando di no artículo 34, apartado 6: "O Ministerio

de Agricultura poderá establecer as probas de aptitude que considere necesarias para a concesión da licenzia de caza". E tal lei é xa do ano 1970. Para cando pensan eses señores poñer en práctica o mencionado? ¿Ou pensan que non é necesario? ¿Ou estaremos presionando para que non o fagan? Coidamos que con aplazalo este ano, o que ven e aínda o outro, non se remedia, pois a cousa é necesaria. E será mellor para todos.

PATINO



A CARREIRA DO "CORREO"

UNHA IMAXEN DA CARREIRA PEDESTRE ORGANIZADA POLO "CORREO GALLEGO". FOI XERAL O BO HUMOR

FOTO: F. BELLAS



COMUNIDADES DE GALICIA

codega s.a.

INFORMA

do comenzo dunha comunidade de vivendas ao amparo da normativa de

¡¡VIVIENDAS de PROTECCION OFICIAL!!

NA RUA MARQUES DE VALLADARES - VIGO

¡¡PRECIO DE COSTO MAIS UN 5% !!

PRECIOS CON GARAXE, TRASTEIRO, E CALEFACCION CENTRAL:	
De 2 dormitorios desde 2.300.000 Pts. hasta 2.575.000 Pts.	Entrada, pagadeira en 6 meses de 735.000 Pts. Mensualidades de 3.500
De 3 dormitorios desde 3.000.000 Pts. hasta 3.650.000 Pts.	Entrada, pagadeira en 6 meses de 960.000 Pts. Mensualidades de 4.000
De 4 dormitorios desde 3.600.000 Pts. hasta 4.150.000 Pts.	Entrada, pagadeira en 6 meses de 1.144.000 Pts. Mensualidades de 11.750

¡¡RESTO, EN CREDITO OFICIAL AO 11% !!

Exentas de escrituras, plus-valías e contribucións

Información e venta: CODEGA, S.A.
Rúa do Príncipe núm. 22, sexto.
Teléfono: 22-37-78 - VIGO

Ao contrário do que moitos poidan pensar, os alcoólicos crónicos, presentan unha vida sexual limitada e fráxil. Os seus problemas tanto a nivel das consecuencias de doenza física derivadas dunha alcoholización de longa data, como a problemática social que todo alcoólico nun momento dado da súa vida presenta, son suficientes como para que a sexualidade deste tipo de enfermos estexa en segundo ou terceiro plano

ALCOOLISMO E SEXUALIDADE

Por CIPRIANO LUIS JIMENEZ CASAS

Historicamente falando, a evolución da conciencia humana, en certas latitudes incluído o vello continente Europa, esta feita en compañía e a carón das bebidas alcohólicas. Nas súas orixes, os efectos potentes e máis particularmente as alcoholizacións, estiveron consideradas como revestidas dun carácter máxico. Noutro setido as sociedades, sempre tiveron posicións contraditorias sobre o "alcohol", indo desde a ritualización e sacralización do viño até a súa terminante prohibición. Esta dialectica atópase nos grandes temas míticos greco-romanos e cristiáns facéndolle unha praza importante o alcohol, símbolo da potencia viril e da integridade corporal. Saber beber é ao mesmo tempo signo de potencia sexual e garantía da dirección do desexo historicamente considerado como un privilexio do home; "Se ti non bebas, ti non es un home".

Na interrelación do individuo co alcohol, trataremos de diferenciar o que supón unha ALCOOLIZACIÓN OCASIONAL ou TRANSITORIA dun estado de ALCOOLISMO CRÓNICO. A resposta sexual en cada caso, vai ser loxicamente diferente.

No caso dunha "alcoholización ocasional", están en xogo toda unha serie de factores uns ligados á propia droga-alcohol e outros á personalidade do individuo situado nun medio e circunstancias determinadas. En relación ao alcohol e desde o punto de vista farmacolóxico, non se ten demostrado de maneira experimental nengunha acción de tipo afrodisíaco. No que se refire ao individuo, sabemos a importancia que teñen a súa personalidade, as experiencias que tivo bebendo as motivacións que o levaron a alcoholizarse máis os efectos que do alcohol esperaba.

Os efectos, pois, dunha alcoholización ocasional, poden variar notabelmente duns individuos a outros. As veces tal



Ilustración: PICASSO

tipo de borracheira ao tempo que aumenta o desexo sexual comporta dificultade tanto a nivel da erección, exaculación

e mesmo no momento do orgasmo. Outras persoas, polo contrario, poden sentirse máis tranquilas seguras e menos angustiadas, despois de tomar unha ou varias copas, polo que estarían en disposición de poder controlar mellor as súas capacidades sexuais.

O caso dos "alcoólicos crónicos" é totalmente diferente ao alcoholismo ocasional. Ao contrario do que moitos poidan pensar, os alcoólicos crónicos, presentan unha vida sexual limitada e fráxil. Os seus problemas tanto a nivel das consecuencias de doenza física derivadas dunha alcoholización de longa data, como a problemática social que todo alcoólico nun momento dado da súa vida presenta, son suficientes como para que a sexualidade deste tipo de enfermos estexa en segundo ou terceiro plano.

E tamén frecuente e coñecido o desencadeamento do chamado "delirio de celos" nos alcoólicos crónicos ou celotípicos, no que o home p. ex. acusa a súa muller de ter relacións con amantes provocándolle ao mesmo tempo reaccións agresivas e violentas sempre temerosas.

De todas as "drogas" utilizadas en relación a actividade sexual e o "alcohol" sen dúbida algunha a máis empregada. A pesar de ser moi promocionado pola literatura como un estimulante da libido, o alcohol interfere a actividade sexual ao actuar como axente depresor do sistema nervioso central, o que só pasará a ser o alcohol a doses moderadas pode crear unha atmosfera apropiada para o sexo, polo feito de actuar como reductor da ansiedade normal, pero unha inxestión excesiva produce sempre unha depresión da actividade voluntaria incluído o comportamento sexual.

da terra asoballada

AS DENUNCIAS DO COLEXIO DE ARQUITECTOS EN SACO ROTO

A Xunta de Goberno do Coléxio Oficial de Arquitectos de Galicia, na súa sesión 18/79 do 10 de outubro, ao debater a problemática da concesión da licenza de obra por parte de certos Concellos a proxectos dos que o visado fora denegado por este Colexio en razón de que infrinxían a vixente normativa urbanística, acolleu, entre outros, o seguinte acordo:

"Informar á opinión pública sobre as dificultades que este Coléxio atopa para poder esixir o cumprimento da normativa urbanística e evitar deste xeito as infraccións, cada vez máis numerosas, da mesma, debido á falta de colaboración de organismos oficiais e administrativos que non sustancian oportunamente as alegacións, os recursos, etc., e ignoran sistematicamente as abondosas denuncias deste Colexio".

PROTESTA CATALANA

Hola!

Soc assidu llegidor vostre, subscriptor per a máis información, com supose ho sabreu i amb aquesta és la segona o tercera vegada que m'adrece a vosaltres. No vaig a ésser ni llarg ni pessat, ans al contrari, doncs no dispo de massa temps.

En primer lloc donar-vos l'enhor bona, doncs el diari va

endavant i pel que veig prou bé.

En segon, lamentar-me per la pobra i esacasa informació, jo diria nul. La informació, que els vostres llegidors tenen del País Valencià al vostre diari. Pense que aixó no és de justicia. Es bo que dediqueu una secció als Països, són quelcom més que el Principat de Catalunya, i que, el País Valencià aixi com les Illes Balears i Pitiuses, dintre l'Estat espanyol, hi formen part. D'altra banda, ni Andalucía, ni Castilla, ni Canarias, ... Pense que qualsevol coseta, fora encara el anomear-nos de vegades, per a que no obliden que també hi som a la lluita, no faria mal. No us sembla?

De vegades dona la impresió que tan sola les pistoles i el "nacionalisme estricte molt seu"—i açó ho dic porque sembla que per al Principat, ni País Valencià, ni Illes Balears i Pitiuses existeixen a no ser per a engrandir la seua vanitat—, són noticia, el que resta a fer punyetes i aixó no és de dret, perdoneu le meua insistència. Dona la impresió, torne, que viviu en un mon a part i els altres som de l'UCD o "España bien entendida" i d'açó no res, doncs, en tots els llocs, com diuen al meu poble, couen de faves.

Pense que algun que altre gallec i llegidor vostre ha de viure en qualsevol de les nacionalitats "apartades". Perché no li demaneu informació encara que siga una miqueta?

Bo, ja us deixe. Fins prompte i salut.

JOSEP LLUIS RAGA
BONREPOS I MARAMBELL
(PAISOS CATALANS)

PRO-LEGALIZACION

ERGA (Estudantes revolucionarios galegos), sindicato estudiantil nacionalista, quere anunciar ao estudantado e pobo galego en xeral unha nova campaña que no proximo mes de Santos levará a cabo a favor da súa legalización.

No marco desta campaña faránse recollidas de firmas tanto entre o estudantado como no resto dos estamentos que interveñen no ensino. Asimesmo, pedirase a definición pública sóbor da nosa legalización da institucións académicas (Reitorado, Direccións de Centros...), de asociacións culturais e partidos políticos, amén doutras accións encamiñadas á axitación estudiantil a favor da nosa legalización, para forzar a aceptación desta polo Goberno Español.

Contamos tamén co apoio do resto das organizacións do MN-PG, solidárias da nosa loita. Xa en anos anteriores loitamos emplemente pola nosa legalización, denegada sistematicamente polo Goberno Español, con pretextos infantís, descoñecendo que estamos legalizados de feito pola nosa práctica cotidiana activa e aglutinadora en todos os conflitos estudiantís; ao non legalizarnos, pretende grupuscularnos, porque sabe que somos

un perigo real para un ensino colonizador que contribui a manter ao noso pobo na explotación e na dependencia.

Por iso, para mellor extender, ampliar e fornecer a nosa organización, no camiño da conquista dun ensino nacional, científico e popular, chamamos a todo o estudantado galego a apoiar activamente a nosa legalización.
DIRECCION LOCAL DE ERGA
(Santiago)

O DECRETO DE BILINGUISMO NON NORMALIZA A LINGUA GALEGA

(ACLARACIONES DA ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA)

A Asociación S-P Galega ante a serie de declaracións de personalidades da política española (ministro de educación, consejero de la Junta) e informacións e declaracións recén saídas na prensa, así como o Decreto de Bilingüismo, quere facer unha serie de precisións en base a criterios científicos para unha correcta información pública no que respecta a socio-lingüística e lingua galega:

1.— A normalización dunha lingua supón un proceso de recuperación do uso e das funcións desa lingua a todos os niveis. Uso no ensino, na fala e na escrita, en todos os medios de comunicación, na administración, comercio, etc. Para que o proceso de normalización se inicie e imprescindíble que a lingua non normalizada empece por ser oficializada.

2.— Para que ese proceso de normalización poda ser iniciado comprende que a lingua imposta, neste caso o español, acade o estatus que lle corresponde histórica e cientificamente de lingua allea a Galicia. O galego debe pasar a ser idioma nacional galego que e o que tamén lle

corresponde histórica e cientificamente

3.— Non hai comunidades sociais bilingües. Si facemos un repaso das comunidades do mundo veremos que cada unha ten a súa propia lingua e que naquelas comunidades onde houbo ou hai bilingüismo leváronnas ou lévannas, necesariamente, a asimilación da lingua imposta e o abandono da súa propia.

4.— O decreto de bilingüismo non leva de ningunha maneira a normalización do galego por varias razóns:

a) O decreto de bilingüismo ven a consagrar oficialmente a diglósia porque queda ben patente a importancia do español como lingua superior na que hai que impartir os coñecementos todos e ao que hai que darlle un horario superior e que ningún alumno pode pasar sin coñecer.

b) O decreto trata ao galego coma lingua extranxeira na súa propia terra.

c) O decreto de bilingüismo parte de presupostos anticientíficos porque o ensino ten que darse na lingua propia da comunidade. Este é un principio pedagóxico admitido internacionalmente.

5.— Para coñecemento de certos intelectuais e escritores de óptica española, xa vai sendo hora de que diferencien o que é normalización do que é normativización. Que se confundan eles pasa pero que non confundan, por favor, ao pobo.

Normativización é a estandarización dun idioma para a súa escrita. Elexir un sistema común entre todas as posibilidades dialectais. Facer unha ortografía é a normativización pero facer unha ortografía non é unha normalización.

A normalización leva consigo a normativización. A normativización non leva consigo a normalización.

A Asociación Socio-Pedagógica Galega quere deixar moi claro que unicamente haberá unha verdadeira normalización do idioma galego cando este sexa oficializado.

Orense, 9 de Outubro de 1979.

da arte e dos xeitos

O PUZO E O BIMBASTRO

Ainda que en Galicia o problema da auga non o é tanto, nalgures houbo que recurrir ao poceiro e afondar uns metros, de 5 até 18 baixo o sabrego deica dar ca auga. Si a terra era brañosa abundaba con furar unha mina en superficie e xa chegaba. E non quedaba a cousa do puzo en afondar no sobchau, había tamén que argallar, como nos inxeñeiros do pobo, un sistema lixeiro e cómodo para sacar a auga.

Nas aldeas aínda hai puzos comunais, ben atendidos e limpos. Tamén abundan os particulares ao pé de cada casa. Os peitoriles érguense pra protexer o puzo e que non se atue cos derrubes, tamén val para defender á xente e máis aos animais, que nos descoidos non caían. As formas cuadradas e as circulares feitas de mampostería son as máis dadas.

O puzo ten o seu traballo e non hai máis que botarlle unha ollada a moitos deles, compre ter tino... non vai ser. Descubriremos auténticas obras de canteiría que van dende o fondo á cima, o ollo negro da auga reflexa o frescor do empedrado cuberto de musgos. Este sistema de recuberta granítica en circo faise cando as terras son blandas e ameazan con derrubarse. Os torróns quedan en firme por este valado de contención no interior do puzo. Cando se trata de terras consistentes o burato vai limpo, sin forro de pedra.

Nalgúns bisbarras téñese por costume defender o puzo cun cobertizo, hainos de moitos xeitos, pequenos alpendres de tellado a dúas augas, outros cobertos de colmo, circulares en forma de garito... Máis segundo sexan as características da zona, así será a construción, Na Terra Chá úsanse as lastras de pizarra



para facer estas construcións, péchanse cunha sinxela xanela que dá ao mesmo burato. Nas terras graníticas da montaña póñense de cobertizo grandes lousas, mesmamente lle dan un carácter case que megalítico á obra.

As artimañas para sacar a auga van dende as máis sinxelas aos trebellos máis complicados: roldanas de ferro, tornos de

madeira... Moi significativo e representativo na paisaxe galega era o bimbastro ou o cambón... agora van desaparecendo, as modernas motobombas suplen a estos inxenios prehistóricos. O bimbastro estaba amañado así: Sobre un esteo que remataba nunha potente gaia, gardaba o equilibrio unha longa bara, nun dos seus cabos tiña un contrapeso de seixo e no outro unha

corda que ataba un pau vertical do que asimesmo prendía o caldeiro. Así a pequenos pulos de forza e rimos de equilibrio da pértiga na gaia recollíase a auga para os regos ou para os comareiros.

Hai outros sistemas, aínda que non abundan tanto, tal son as rodas de vento que cos soplos do vento van enchendo as aceas, tamén os sistemas de bomba de man de dalle e dalle á manivela, por certo estes ferranchos tamén están a desaparecer.

O puzo complétase con outras construcións parellas: lavadeiros, pías e pilóns pras bestas, regos... Mais agora estamos xa nos tempos das traídas de auga, estamos nos tempos da auga embotellada. Os puzos vellos xa están atuados de basura, tamén se esqueceron as vellas lendas que falaban de alfaias, de namoradas e príncipes, de cóbregas e trasnos.

Por FELIPE SENEN

andando a terra

O CRUCEIRO DE MOURENTE

Os cruceiros son, posibelmente, a máis alta expresión da arte popular galega. Castelao, na súa obra maxistral, case esgotou o tema. Un cruceiro é sempre algo moi suxerente que nos leva a moi diversas cavilacións ou profundacións. Teño dito que:

*Semella un soño o cruceiro
soñado por non sei quen.
¡Un soño tan verdadeiro
que foi soñado moi ben!*

En canto ao significado dos brazos do cruceiro para este basbas está moi claro:

*O cruceiro é cousa humana
cos seus dous brazos abertos:
¡Un é o camiño cercán,
outro, os camiños incertos!*

¡Fermosos cruceiros da miña Terra Chá nativa, labrados polos canteiros de Gajoso ou de Román e cantados por Noriega Varela e pola inesquecible Carmiña Prieto Rouco!

Como di o cantar: "Pra canteiros Pontevedra!". Os canteiros de Pontevedra son os mellores da nosa nación. Esta



tradición artesá de séculos ten continuación nos nosos días na "Escola de canteiros de Pontevedra", con sede no mosteiro de Poio, que xa está a dar uns froitos ben comprimidos. Esta obra débese a D. Rafael Fontoira Suris, arquitecto na liña dos nosos mellores construtores, que vai desde o mestre Mateu, pasa por Casas Novoa e Fernández Sarela e chega a D. Manuel Gómez Román.

En toda a bisbarra de Pontevedra —incluído o caso

vello da cidade, pois o novo é un disparate— hai infindas mostras de como se ten que labrar a cantaría. Mourente non podía ser a excepción.

*¡Ai, Sálvora,
ai San Vicente!
As nenas bonitas
háinas en Mourente!*

Ademais de nenas bonitas —que xa é moitísimo— en Mourente hai cousas moi notábeis, obra dos nosos canteiros. Primeiramente compre sinalar o

pé do púlpito da igrexa parroquial, todo el de cantaría. Representa a unha figura humana —un labrego, un mariñeiro, quizais o pobo galego?— sostenendo cos seus homeiros, permítanos a expresión consagrada, "a sagrada cátedra". E secundamente hai que referirse ao cruceiro fermosísimo que se ergue ao pé da estrada xeral.

Na base do cruceiro está escrita a seguinte lenda: "Se hizo por Manuel Moreira a devoción de su difunto padre. Año de 1863". A obre ten, polo tanto, cento dezaseis anos. Non dubidamos en afirmar que o seu estilo é barroco ou, cando menos, abarrocado. O cruceiro é unha maravilla, e a súa cara non pode ser máis expresiva. Na parte posterior do cruceiro representase unha virse co neno no colo, da máis pura tradición románica, e uns anxos increíbles e deliciosos. O cruceiro está moi ben conservado e policromado. Alguén se preocupa del. Isto resulta evidente.

O cruceiro está situado fronte a unha casa e ao mesmo pé dela. Na fachada da casa, case á altura

do cruceiro, hai unha figura, hierática, en actitude firme, policromada, con cores moi vivas, que semella un garda de corps ou quizais un alabardeiro, moi perto co seu fusil, que remata cunha baioneta moi completa e competente ela.

O conxunto do cruceiro, co seu garda, resulta moi orixinal e moi fermoso. Coidamos que en Galicia non hai nada semellante. O que non sei, e gustaríame sabelo, e de quen foi a idea de poñerlle garda ao cruceiro. Posibelmente, a idea foi de Manuel Moreira. Este Moreira, ¿sería quen mandou erguer o cruceiro ou sería tamén á vez o canteiro que o labrou?

A voz popular di que a figura que dá garda e escolta ao cruceiro é un garda civil. Quizais un garda civil en traxe de gala. De todos xeitos a este servidour xurdelle unha dúbida: a garda civil anda sempre por parellas e aquí samente hai un. ¿Que foi, pois, do outro garda civil? ¿Desertaria? ¿Ou quizais foi botar un vaso á taberna máis cercana? Coido que a cuestión é importante e que os eruditos teñena de esclarecer algun día.

M. HORTAS VILANOVA

arredor de nós

SOBRE O TROVISCO E'ALGO MAIS

Poderíamola ter coma unha planta máis, que atopamos polo borde dos camiños ou por onde cadra, entre os toxos por exemplo; é a típica planta que está onde dá ben o sol, gostando moito dos sitios quentes.

O trovisco, coñecida tamén pola nome de trovisco, e o *Daphne gnidium*. Coas ponlas ergueitas e as follas alternas e opostas, inteiras e lanceoladas, sendo ben apuntadas, chega a ser un arbusto. Ten as flores agrupadas nun ácio que queda no remate das ponlas, sendo o tempo de floración de abril a

outono; estas flores clariñas dan froitos tipo baía, que son bolas encarnadas que madurecen do xullo a novembro.

Esta planta ten principios venenosos nas follas e froitos, e foi empregada de xeitos moi distintos. Por un lado, por ter a tona moi forte cando son grandes, tecíana a xeito e poñíana no pescozo das crias do gado cando tiñasn lombrigas; facíase a miúdo, cos terneiros recién paridos, íase ao monte e estonábase o trovisco para facer o colar do que falamos.

Diciame un paisano que era a planta "máis venenosa do mundo, a que máis vitaminas ten,



pois ten moito veneno, bastando frotar as mans para ter un cheiro do carallo véndose xa o veneno que ten".

Contábame tamén este home, que non lle vai nunca o gado, nen cando anda a pacer, e se alguén quere facer mal a outro, a un animal seu ou a el mesmo, quecía o trovisco con millo e arriáballo ás agachadas por aló e morría ao comer del.

O día de San Xoan, contaba, tomaban ponlas de trovisco, ás que non lles vai animal nengun, e espetábanas polos furados dos hórreos, casas... Deste xeito, coma as meigas "viñeran de Sevilla", "despachábanas" outra

vez para aló, polo efecto do trovisco, se ben dicía que o das meigas era antes pois agora xa non as hai, bastando "estar a ben" e máis nada.

Emprégase tamén para as feridas, e non estou seguro de todo, pero coido que é tamén a planta que botan ás veces machadas aos ríos, para colleren troitas.

Con esta planta pasa o mesmo que con outras en Galicia. Unhas veces xustificadamente en base á composición química da especie, e outras "sen causa coñecida", son de uso común, chegando a representar un papel primordial na vida cotidiana.

Por CHAIRA

CINE



"NORMA RAE"

"Norma Rae" é un film dirixido por Martin Ritt, comunista xudeu de cincuenta e nove anos, que narra o proceso de concienciación dunha obreira textil nos Estados Unidos e a aparición e consolidación dun sindicato (a Unión de Traballadores Textis, T.W.W.A.) na fábrica onde traballa, grazas á colaboración dun sindicalista neoiorkino xudeu.

O director, Martin Ritt, é un home que provén do mundo do teatro, como actor e da T.V., para a que fixo máis de 150 programas; ten ademais unhas 20 longometraxes de moi variada temática, algún do cales xa tratara a problemática sindicalista; traballou tamén con Elia Kazan e consagrou moitos actores destacados hoxe no cine americano e internacional.

"Norma Rae" (1978) é unha película dunha narración moi vital, sinxela que describe con grande precisión e síntese estética a vida cotidiana dunha traballadora textil americana e o seu enfrentamento co capital na loita pola organización sindical e a mellora das condicións de vida dos traballadores. A primeira innovación que nos ofrece é unha imaxe desmitificada das clases traballadoras en EE.UU., se ben o guiño non nos ofrece unha

situación prototípica. Ademais, arredor do eixo principal da liña argumental, aparecen unha serie de inxerencias diversas reflexadas na vida da protagonista: a "inmoralidade" das relacións sociais nun ambiente provinciano, a hipocresía da xerarquía eclesiástica, o alcoholismo na súa función de amortiguador dos conflitos sociais, o prantexamento dunha muller libre, divorciada e caluniada, que pretende ser algo máis que man de obra barata e repouso do guerreiro (neste sentido será unha película proto-foemenista, etc...). Situacións todas expostas cunha grande dose de realismo e unha grande interpretación feminina (Sally Field, premio de interpretación en Cannes por esta película).

Martin Ritt une a esta preocupación sociopolítica un sentido comercial na concepción do filme, co cal logrou, sen lugar a dúbidas, darlle un carácter eminentemente popular. Poderíase discutir a validez teórica desta fórmula, concretada por exemplo na utilización de recursos melodramáticos con referentes políticos, pero a súa eficacia é óbvia. Por outra banda, Martin Ritt non cai tampouco no panfleto melodramático e sería erróneo xulgar así a película. É unha película con carácter militante, onde o director toma partido por un bando sen ambigüedades de ningún tipo e onde se pide do espectador unha toma de postura ética a favor dese bando. Desde ese punto de vista utilízanse referencias —a actualidade do suceso, a súa exemplaridade, a delimitación dos campos en que se dá a loita de clases— que si son propias da estrutura do panfleto propagandístico, pero non por iso se cai na grandilocuencia exenta de rigor descritivo nen no maniqueísmo burdo das persoaxes.

De feito o director chega a tomar partido contra a burocracia aburguesada e reaccionaria do Sindicato que reprende a Norma Rae a súa "inmoral" vida privada.

"Norma Rae" é, en suma, un filme sólido, equilibrado, sobre a loita dunha traballadora pola súa dignidade como traballadora e como muller, que conta con algunhas escenas dunha inxenuidade emotiva encomiável.

FICHA TECNICA:

USA, 1978. Dirixido por MARTIN RITT.

Guión: F. Frank jr. e Irving Ravetch.

Música: David Shire.

Interpretación: Sally Field, Beau Bridges, Ron Leibman, etc...

MUSICA

ANOTACIONES DISIDENTES SOBRE A ZARZUELA

Xa ven de vello o cargar sobre os lombos da zarzuela a culpabilidade dunha grande parte dos males sufridos pola música no estado español. Pero, como comentaba hai un par de meses Angel F. Mayo en Ritmo, a zarzuela non é unha causa senón un síntoma, eu unha consecuencia dunha situación enferma e grotesca. Particularmente parece preocupante que cando a zarzuela é xa un capítulo, importante aínda que se considerara exclusivamente o parámetro cuantitativo, da historia da música nas sociedades hispánicas aínda non se teña plantexada unha análise mínimamente séria que sopesa a validez das afirmacións intuitivas ou emocionais que se está a facer.

Eu son o primeiro en doerme de que músicos da calidade potencial de Chapi, Vives ou o noso Soutullo tiveran que dedicarse a compondor zarzuelas para sobrevivir —non esquezamos que

o mismísimo Falla tentou sorte antes de ir a Francia e que Adalid fixo o primeiro proxecto de "Inesse e Bianca" na zarzuela "Pedro Madruga"; no primeiro caso tratase dunha proba de supervivencia e no segundo da imposibilidade de estrear en Madrid unha ópera inédita —renunciando á composición de música de cámara ou sinfónica, e aínda doome máis cando ao escoitar a música de cámara dalgun destes autores —Breton— comprobo a castración espiritual que supuxo a zarzuela para eles ao lles impedir o anxeo dunha meirande capacitación técnica —que no caso de Soutullo existía sen dúbida pero a perda da súa obra non zarzuelística ímprednos sabelo— e dunha creación máis importante. Aínda así, quixera lembrar que no repertorio zarzuelístico existen páxinas de beleza recoñecible e obras plausíbeis na súa integridade. Loxicamente estas obras plausíbeis atópanse mellor dentro do "género chico" que esixe unha menor extensión e polo tanto unha capacitación menor para o desenvolvemento temático; estas obras son xeralmente basadas no ambiente madrileño proletario ou "lumpen" e gozaron da auténtica simpatía entre o pobo madrileño da súa época —refírome a obras como "La Verbena de la Paloma", "La Gran Vía" ou "Agua, Azucarillos y aguardiente" —e reflexando moitas das contradicións daquela sociedade. E máis difícil atopar obras impecábeis de factura entre o repertorio da zarzuela normal tanto polas máis grandes complicacións técnicas como polas abundantes concesións ao público, aínda así as partituras de "Maruxa", "El Caserío" ou, sobre todo, "Las golondrinas" están aí como mostra dun benfacer.

Posibelmente e salvo meia dúcia de excepcións a zarzuela

teña de ser catalogada como "música lixeira" e indudablemente no repertorio están vomitivos do calibre de "Los Gavilanes" —bra dun dos persoaxes máis corruptos do xénero, o mestre Guerrero— pero coído que non é esa razón para descalificala. Outro problema é cando se tenta falar da zarzuela como "música española" —aínda hoxe descoñeço que é iso— en contraposición aos nacionalismos musicais, semellante trapañada non merece comentario. O que estou a prantexar é que a zarzuela como xénero merece unha atención tanto musical como sociolóxica e moitas das obras son merecedoras de audición —aínda que sexan "música lixeira", ou non se escoita a Edith Piaff sen remordimentos? —como música que é inserta nun capítulo da historia e perdendo unha audición da música como tal non botándolle a ela as culpas da sociedade que as xenerou e das que a zarzuela é unha consecuencia.

Saco o tema con ocasión da edición dunha colección de cincuenta títulos editada por unha compañía formada por Zafiro e Columbia. As versións son dignas en todos os casos, o que non se pode dicir das editadas por RTVE hai anos, e nalgun achéganse á perfección. As grabacións foron cuidadas e os fascículos redactados por Joan Arnau posúen a seriedade que o caracteriza. De cando en vez comentarei na axenda algun título de interese e aproveito para invitar aos lectores a escoitar sen prexuícios obras tan inexénuas e tan fermosas como "La Revoltosa".


XOAN M. CARREIRA

Nota.— O primeiro título é "Luís Fernanda" de Moreno Torroba, obra ben escrita pero pretenciosa e con cheire a alcanfor. Como só costa 275 pts. pódese comprar pero sen moito interese.

AXENDA

PUBLICACIONES

MONTHLY REVIEW— Edición española. Número dobre, con, entre



outros, "Temas de economía política", por Chattopadhyay e outros, e "Más sobre el socialismo real", debate con Charles Bettelheim.

DISCO DA SEMANA

António Vivaldi.— CONCERTOS PARA INSTRUMENTOS DE VENTO E CORDAS. Timothy Brown e Robin Davis (Trompas); Neil Black e Celia Nicklin (Oboes); Martin Gatt (fagot); William Bennet (Piccolo); Iona Brown (violín); The Academy of Saint Martin-In-The-Fields. Director.— Neville Marriner. Decca SXL 29139. Interpretación.— Entre 9 a 10. Grabación.— 9.

"Aínda que so fose polo sonido e a musicalidade do piccolo solista no concerto KV 443 xa chegaría para recomendar o disco, pero é que non

ten perda tanto polas modulacions e afinacións das trompas coma pola sonoridade dos oboes como pola profesionalidade e maestría da orquesta que parece rondar a utopía. A edición das partituras é a de Christopher Hogwood fiel á concepción virtuosística de Vivaldi".


MUSICA ARABIGO ANDALUZA

Atrium Musicae de Madrid. Dir.— Gregorio Paniagua. Edigsa-Harmonia Mundi EHM 389.

Intento interesantísimo de recobrar as nubes creadas polos músicos das cortes islámicas de Al-Andalus. Pesia fermosura do disco bótase en falta un mais grande dominio instrumental. Redomendábel".

Obras de Villa-Lobos; Iannis Xenakis; Helmut Eder; Lennon McCartney; William Christopher Handy e Tradicionais.

Os doce violoncelistas da Orquesta



Filarmonía de Berlín. Telefunken 6.42339.— Grabación 9.— Interpretación. Entre 8 e 10.

"Nesta curiosa grabación amósanse as posibilidades dun conxunto de doce violoncelos interpretando obras orixinais como o "Windungen" de Xenakis, transcricións de Villa-Lobos ou adaptacións de Standards como Yesterday. O virtuosismo e fonda musicalidade dos intérpretes garantizan o interese do disco xunto coa amenidade do mesmo baseada no diverxente do programa".

CINE

2 DE SANTOS.— "El joven Torless", de V. Schlöndorff. Cineclub ADEGA de Vilagarcía de Arosa.

MOSTRAS

BONIFACIO.— Pintor basco. Deica o 8 de santos. Visitas: Diário, de 7 a 9,30. Festivos, de 12 a 2. "Torques", Galería de Arte. Algália de Abaixo 39-primeiro. Santiago.

MARIA SIMONE E LUCIANO BIANCHI.— Pintores italianos. O día 2, presentación do libro Ha. DA ARTE ITALIANA DESDE AS ORIXES ATE OS NOSOS DIAS, de Raffaele de Grada, coa participación do autor, os pintores e o secretario do Sindicato de Artistas de Milán (CGIL), Domenico Giufré.

TEATRO

XOVES, VENRES, SABADOS, DOMINGOS.— "Eu, Maiakovski", de Vladimir Maiakovski. 10 da noite. Sala Carral. Do Círculo Ourensán-Vigués. Rua Carral 18 — Vigo.



ACTOS

DÍA 5.— Conferencia "República y monarquía en el nacimiento de la ópera", por Domingo del Campo Castell. As 8 do serán. Galería Sargadelos. Rua Nova 16. Santiago. Dentro do ciclo "Ritmo, 50 años (1929-1979): A la búsqueda de la síntesis sociedad-arte: la ópera en la cultura europea". Organizado por "Jueves Musicales de la Universidad" e baixo do patrocinio da "Dirección General de la Música".

DÍA 8.— Dentro do mesmo ciclo, "La obra de arte total: La utopía de la redención del hombre por el arte", por Angel-F. Mayo Añoranzas. As 6 da tarde.

CURSIÑO DE SETAS DA SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL.

DÍA 5.— "Historia da micología sóbor das setas comestíbeis e venenosas".

DÍA 6.— "Esquema da clasificación dos fungos. ¿A qué grupos pertencen as setas comestíbeis e

venenosas? DÍA 7.— "Setas comestíbeis. ¿Qué clase de alimentos son as setas? ¿Cal é o seu poder enerxético?".

DÍA 8.— "Setas venenosas. Principais tipos e clases de intoxicación".

DÍA 9.— "Etnomicología. Actitud dos distintos pobos diante das setas. Micofobia galega. As súas posíbles orixes".

O cursoño é gratuito. Inscripcións no Departamento de Botánica de Santiago.



alecrín
prantas, frores, herbas

ARCO DE MAZARELOS, 11
SANTIAGO

curso de língua

M. PILAR GARCIA NEGRO
XOSE M. DOBARRO PAZ

Tres

ROSALIA: O despertar da nosa identidade (e II)

Foi a Páscoa enxoita,
choveu en San Xoán;
a Galicia a fame
logo chegará.
Con malenconia
miran para o mar
os que noutras terras
lén que buscar pan.

¿Por qué?

—Escoitá: os algoasiles
andán correndo a aldea;
mais ¿como pagar, como, si un non pode
inda pagala renda?

Embargaránnos todo, que non teñen
esas xentes concencia, nin lén alma.
¿Quedaremos por portas,
meus fillos das entrañas!

¿Mala morte vos mate
antes de que aquí entredes!
¿Dos probes, ó sentirvos
os corazóns, ¡cál balen-ristemente!

—María, se non fora
porque hai un Dios que premia e que castiga
eu matara eses homes
como mata un raposo a unha galiña.

—¿Silencio! ¿Non brasfemes!,
que este é un valle de lágrimas...!
Mais ¿por qué a alguns lles toca sufrir tanto,
i outros a vida antre contentos pasan?

A semana pasada, ao falar-
mos da excepcionalidade de
Rosalía, faciamos fincapé no
que de máis valor hai na sua
poesia, que é precisamente a
sua autenticidade, a sua capa-
cidade de traduci aspectos
fundamentais da nosa identi-
dade e da situación concreta
dos homes e das mulleres
galegos do XIX. E revelador
neste sentido analizar a poesía
de Rosalía tendo en conta a
traición que, consciente ou
inconscientemente, está a fa-
cer dos principios ideolóxicos
(relixiosos, morais, etc.) que
lle "meteran" na cabeza, que
eran nela o aprendido, fronte
á sua espontaneidade e á sua
solidaridade, sentimental, cos
seus paisanos.

Que ela tivo moi claro cal
era o seu papel como poeta,
demostránnos estas suas pala-
bras, do prólogo de **Follas
novas**, que son unha declara-
ción moi lúcida da sua fun-
ción: "... que si non pode
senón ca morte despirse o
espírito das envolturas da
carne, menos pode o poeta
preescindir do medio en que
vive e da natureza que o
rodea, ser alleo a seu tempo e
deixar de reproducir, hastra
sin pensalo a laiada queixa
que hoxe eisalan tódolos
labios. Por eso iñoro o que

haxa no meu libro dos pro-
pios pesares, ou dos alleos,
porque ben podo telos todos
por meus, pois os acostuma-
dos á desgracia, chegan a
contar por suas as que afrixen
ós demais. Tanto é así, que
neste meu novo libro prefe-
rín, ás composicións que
puderan decirse personales,
aquelas outras que, con máis
ou menos acerto, espresan ás
tribulacións dos que, uns tras
outros, e de distintos modos,
vin durante largo tempo sufrir
ó meu arredore".

Os dous poemas que hoxe
reproducimos parécennos boa
mostra desta preocupación de
Rosalía. O primeiro expresa,
dunha maneira tan breve
como conseguida e con toda a
naturalidade do verdadeiro,
unha constante na nosa na-
ción oprimida: a fame, coa
emancipación como única sai-
da forzosa, tema que vai
tratar noutros moitos poe-
mas.

Mais Rosalía tamén advirte
a outra cara do problema:
que non todos pasan penali-
dades (non todos pasan fame
nen teñen que emigrar), aínda
que non é capaz de dar unha
resposta a esta inxusticia
(reparemos na interrogancia
final do segundo poema),
precisamente por non a ter
ideoloxizada, e por isto só

pode concluir (de acordo coa
visión relixiosa da vida) que o
mundo "é un valle de lágrima-
s" (cunha expresión espa-
ñola, do léxico relixioso, que
demostra ben ás claras de qué
concepción da vida é acreedo-
ra).

Comentemos agora algun-
has cuestións de orde gramati-
cal. Fixémonos primeiro no
advérbio **logo** e reparemos no
significado que ten: é equiva-
lente a **deseguida** (e non a
"máis tarde", como en espa-
ñol); outros sinónimos son:
**axiña, decontado, seguida-
mente, decamiño**, etc.

De **malenconia** digamos que
é unha palabra que se docu-
menta no noso idioma no
século XVI, alternando con
outras (melanconia, melencó-
nia...) desde o tempo das
Cantigas.

Reparemos na expresión
mirar para, que é a lexítima
na nosa lingua (non "mirar
hacia", española) e que debía
correxir o abuso que ás veces
se fai de "mirar cara a",
tradución forzada da frase
española. Anotemos as distin-
tas gradacións da mesma
acción: **ver**, sen fixación na
mirada; **mirar e ollar**, fixando
máis a atención; **fitar**, coa vista
nun punto moi concreto;
espreitar, mirar "espiando",
sen ser visto un; **esculcar**,

tratando de distinguir algo
que está lonxe ou malo de
atopar, etc.

Anotemos tamén como en
Rosalía alternan as formas
con e sen seseo: **algoasiles/
concencia, corazóns**. Igual que
usa dúas formas para a sexta
persoa do verbo: **tén/teñen**
("que non teñen/esas xentes
concencia nin tén alma").

En **Páscoa** e en **algoasiles**
observamos unha tendencia
moi acusada a desfacer ese
aparente ditongo —ua—, ex-
traño á nosa fonética; vémo-lo
tamén en "língua", "cám-
beo", etc. Na escrita, preferi-
remos as formas "Páscoa",
"língua", etc.

En **concencia** vemos unha
redución do —ie— latino que
se dá tamén noutras palabras:
cencia, por exemplo, e que
debemos conservar nas acep-
cións populares: "honradez",
no primeiro caso e "habelén-
cia" ou "maña", no segundo.
Nos outros significados, usa-
remos **conciencia e ciencia**. E,
finalmente, anotemos o espa-
ñolismo **Dios**, arraigado na
nosa lingua desde hai moito e
que ilustra tamén (como o
"valle de lágrimas" xa comen-
tado e, en xeral todo o
vocabulario relixioso) como a
Igrexa foi tamén en grande
parte axente de colonización.

CARTAS E PASATEMPOS

SOBRE A ALEMANIA DEMOCRÁTICA

Directora de A Nosa Terra:
Non entendo como aínda
hoxe —1979— ae nun semanário
de liberación pódense escribir
cousas como as que se len no A
Nosa Terra núm. 77 sobre o 30
cabodano da República Demo-
crática Alemana.

Non lle quito ao seu colabora-
dor o dereito a poñer pasión no

escrito, o que defendo é o
dereito do lector —tanto se
coñece o tema, como se non— a
recibir algúns datos que certifi-
quen o dito. Em digo datos non
xuicios de valor como os que
enchen o artigo denunciado. E
digo datos contrastábeis e postos
ao día, non estadisticolas ao
goberno de turno —ou de sem-
pre—

Indico algunha pega do artigo
considerado:

1.— Aínda esperamos moitos
marxistas que se nos demostre o
carácter socialista dos países do
Este europeo. Desde logo usando
o método de Marx non o de
Stalin e Cia. Aínda máis se,
como di R. Freire, resultan
"sociedades socialistas avanza-
das. ¿Non estaran ás portas do
comunismo xa?

2.— Para máis inri tal carácter
socialista está garantizado na
Constitución. Ou R. Freire está
na Lua e non sabe que as
Constitucións son a miúdo papel
mollado, ou confunde a forza
das masas ca forza dos papeis.
Non virian de máis datos que
demostren a participación do
pobo alemán na construción
dese socialismo-avanzado-indus-
trial que semella ter a R.D.A.E.
falo de participación socialista,
non faraónica, feudal ou burgue-
sa como a tida até hoxe por
unha maioría da humanidade na
construción da sociedade que
nadedemos.

E para non cair no mesmo
vicio, poñamos enriba do papel
algún dato que mostre o interese
da burocracia sovieta-alemana
pola democracia e a cultura:

novo proceso ao físico R.
Havemann, cuxo delito é criticar
a falta de liberdade no paraíso da
R.D.A.; proceso e detención
caseira de W. Harich, filósofo e
ecólogo, que non fai outra cousa
que disentir da liña oficial do
omnipotente P.S.U.A.; W Bier-
mann cantante expulsado de
R.D.A. pola crítica da burocrá-
cia estalinista; negativa a que
abogados españois entraran na
R.D.A para defender a R.
Havemann; e podíanse comen-
tar máis casos, de xente menos
coñecida pero tan alemans e
comunistas ¿por qué será que
nun país que se di comunista os
máis oprimidos son os disidentes
comunistas? —como os indica-
dos. Co inri de que moitos deles
foron de resistencia antinazi,
man a man cos xuíces de agora.

3.— Que eu sepa o Partido
Socialista Unificado de Alemana
é o único e verdadeiro partido
permitido na R.D.A. Pediríalle a
R. Freire datos para demostrar
que as diversas organizacións que
cita son algo diferente da Santí-
sima Multiplicidade Estalinista.
Abonda con recoller os de
residentes na propia R.D.A.
para comprobar que tan illeadas
viven as masas orientais como as
occidentais. E desde logo o muro
de Berlín enténdese mellor como
defensa contra o propio pobo
que contra o da R.F.A. Ou é
que as multinacionais e a CIA
necesitan saltar polo muro para
meterse na R.D.A? Que lle
pregunten a Moscú ou a Pekín!

4.— E xa para rematar, pois o
conto dos sofistas é un conto
vello. ¿Desde cando os sofrimen-

tos dun pobo falan da bondade
do Estado que padecen? ¿Acaso
o Estado español é anti-imperia-
lista coeque por sofrer os
seus pobos cuarenta anos de
fascismo a os que levamos de
penitencia?

Sen máis —e considerando que
un pobo ceibe precisa unha
prensa ceibe de polvo e palla, e
de dogmatismo—, un saúdo.

Fdo. XAQUIN LOPEZ.

AÑORANDO A MIÑA TERRA

Son tan afortunada por nacer
dónde nacin, anque non nacin en
foz, nacin cerca de Abadin.

Si falamos destas terras e
señalamos có dedo, a máis
bonita de todas é a cidade de
Mondoñedo.

A xente de Mondoñedo, sem-
pre ten algo que dar, si lles pides
un favor, fancho sin o pensar. Si
falarámos do valle que vaixa por
Lorenzana, de paso pola Espiñei-
ra dando a volta por Burela asta
Viveiro e Ortigueira.

Non deixemos de nombrare
Argomoso e máis Lindi, tampou-
co Troceda e Estlo que é donde
eu nacin.

Polo mundo adiante avemos
moitos de Mondoñedo, pro,
mentras recemos a nosa Virxen
dos Remedios nunca devemos
ter medo.

Miña Virxen queridíña, solo
che pido un favor, que non
olvides á miña nai que a tes ahí ó
caron.

RODOLFO PEREZ
FERNANDEZ
Barcelona

XOSE LOIS G.



En que casa faremos
a xuntanza?



Vai dar alquén o diñeiro?



que farás nes vacaciós?

ANUNCIOS DE BALDE

Ando á percura de pegatinas
do MN-PG dende o seu
comezo. Montse Rodríguez
García. Meirás. Riobó — 13.
Valdoviño.

Estou interesado en pegatinas
políticas, sindicais, feminis-
tas, etc. Tanto de Galicia
como das outras nacións do
Estado. Xosé Anxo Madarro
Río. Bolaño. Castroverde. Lu-
go.


Dou clases de matemáticas e
física. BUP, COU e Selectivo.
Rúa de Alfredo Brañas, 12-se-
gundo dereita. Telf. 591737.
Santiago.

Na da Noela (nada no E. Lat.)
XEROGLIFICOS
SOLUCIÓNS AOS

A NOSA TERRA

A DANZA DO ENTRENZADO

XERARDO DAS AIRAS



Entre as danzas populares que sobreviven no noso país, merecen especial mención pola súa vistosidade e valor etnográfico, as danzas de entrenzado ou de "cintas". Agás zonas illadas como Betanzos ou Mondariz, é nas comarcas ourensanas onde se atopa esta danza con maior profusión e variedade:

Son coñecidas as danzas da Festa das Mudacións de Boborás, as do San Bieito de Allariz, as da Sta. Cruz de Laza, as de Vilanova dos Infantes, as de Viana do Bolo e as de Fontefría. Desta última é da que imos falar pois ademais do seu valor etnográfico e do recuncho xeográfico en que se desenvolve, ten un aquel de enxebreza da máis profunda raigaña popular.

Fontefría é unha pequena aldea a metade de camiño entre Verín e Campobeceros, perto do cume da Pena Nofre. Os viciños gárdanse das durezas invernais entry muros de cachote e tellados de pizarra. A terra é pobre e só produce castañas, centeo e patacas. Antes da era "butano-eléctrica", os viciños vivían do carbón vexetal, que na propia casa ou no monte, facían con torgos. Despois veu a emigración. O pobo recibe o seu nome dunha das fontes que ali hai e que mana auga rica e fría mesmo no verán. A outra fonte, que os viciños consideran perxudicial, ten un forte contido de ferruxe.

AS FONTES, DEUSES VIVOS

A festa na que se celebra a danza é o día 1 de setembro, festividade da Sta. Marta, que segundo os viciños foi "cociñeira do Señor", e que nunha pequena capela comparte as devocións coa súa irmá Sta. Augusta. A Sta. Marta é abogada contra os males de cabeza, xordeiras e picaduras venenosas. O feito de que anos atrás tivese lugar aquí unha grande romaxe e peregrinación, afirma o carácter sacro que a fonte tiña para os habitantes do lugar. Aínda na Idade Média as xentes encendían velas ás fontes, deuses vivos dos nosos devanceiros. A cristianización posterior do lugar canalizou ese potencial afervoadado dirixíndoo cara outras divindades, dando orixe aos actos e manifestacións relixiosas actuais. O reminiscente ofrecemento que os devotos fan ás santas consiste en arcas de centeo e trenzas de cabelo que co paso do tempo ficaron apodrecidos igual que aconteceu coa grande romaxe ali celebrada. Neste día sai a procesión na que os danzantes evolucionan ao redor da santa. No ano 1955, por disposición do bispo de Ourense, fica prohibida a danza

durante a procesión, realizándose, xa que logo, ao remate dos actos litúrxicos. Dous anos despois a danza deixa de se realizar; mais neste ano de 1979, un dos antigos danzantes, o sr. Fabriciano, revive o acto.

...E UN PUCHO CONICO CON GALONS DOURADOS

O traxe, a música e máis a danza son iguais que en Laza, o que fai dubidar sóbor da súa orixe. Aínda que moi distantes entre si, a aldea de Fontefría pertenceu hai moitos anos ao concello de Laza, de onde puido ser tomada; mais tampouco se pode esquecer que esta danza de procedencia gremial, fose levada por algun grémio que acodia á romaxe da Fontefría. A diferéncia coa danza de Laza maniféstase nos recitados que os danzantes da Fontefría fan baseándose nas cores das cintas. O traxe consta de pantalóns brancos, camisola longa tamén branca, unha banda que cruza o peito e máis a cintura da que penduran uns panos para se limpar, pucho cónico branco con galóns dourados, castañolas nas mans para acompañar á música e unha garabata, elemento este que quizais foi engadido mais tarde igual que sucedeu cos coñecidos "peliqueiros". A música foi recollida por Risco en partitura, mais a banda que a interpreta faino "de ouvido", pois algun dos seus componentes xa tocaba na banda que anos atrás acompañaba os danzantes. Din que esta música tiña letra, pero os poucos versos que recollimos semellan ser máis para se lembrar dos pasos que os danzantes teñen que executar sendo chocante o emprego do español nos mesmos. Neles alúdese á fonte:

*Margarita si vas a la fuente
con el garbo de tu parecer
mira si vas y no vuelves
por ti tengo yo de volver*

A danza comeza saíndo os danzantes do "vestuario" para se dirixir á capela onde se celebra misa solene. Logo na procesión evolucionan dando tres pasos cara adiante e volta da primeira parexa cara atrás indo fronte da segunda; crúzase con esta e tornan cara adiante, facendo isto mesmo a segunda coa terceira. Ao chegar á praza do pobo, con cruceiro de pedra que substituíu a un de madeira, procédese ao entrenzado das fitas que penduran dunha "mapoula" ou pértiga de castaño. As fitas son de cor vermello, azul, verde, marela, negra e branca. Neste orde procédese ao recitado dos versos en castelán que aluden a temas relixiosos comparando as cores das fitas coas virtudes, coitas e acontecementos

vários. Os contínuos cambios que sufreron os versos, xa menguando, xa crescendo, débese á comunicación oral, a influencia e ideoloxía dos cregos que pasaron pola parroquia, e a viciños da aldea. Nalguns atopamos —a pesares da españolización— alusións á bandeira:

*El firmamento es azul
y azul es tu bandera...*

Noutros, pola contra, á guerra civil:

*Madres que teneis hijos
defendiendo a vuestra patria...*

Os únicos versos en galego foron engadidos por un afervoadado lector de Curros que houbo no pobo:

*Dou un saúdo a Galicia
salve Galicia miña patria pequeniña
salve miña meiga
salve miña xoia*

*O teu nome so ao falalo
faime paz e calma
porque eres pedazo da miña ialma*

*A millor carne a da alcatra
o millor viño da adega
a millor terra da patria
a millor patria á galega.*

A ARBORE QUE RENACE

A lenda conta que seis irmáns solicitaron un favor á santa e ao concederllo prometeron danzar e entrenzar as fitas, costume que logo seguiron os viciños. A organización destas danzas está, como xa se dixo, acreditada aos grémios, aínda que isto non desbota unha orixe máis anerga que logo sufriu unha adaptación. Moitos autores ven nas danzas de entrenzado un ritual de carácter re-creativo. O trenzado e destrenzado das fitas é reminiscencia da árbore que renace despois do inverno. O vestido branco, símbolo da pureza, é un dato para a súa valoración como ceremonial mítico. Estes costumes de culto as árbores aparecen aínda vixentes en moitas partes do mundo: Nos países árabes atópanse árbores illadas cubertas de fitas; o mesmo acontece en Rúsia, Dalmácia, Ucraína, onde celebran a semana verde chantando nas prazas un mastro de carballo no que se entrenzan flores, erbas e fitas. En Suécia pónense os paus de Maio no solsticio de verán coa mesma intención.